

ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A. e da A.E.A.) · Xaneiro - Febreiro - Marzo 2009]

Visita dos representantes da Fundación Pedro Barrié de la Maza: Proxecto de dixitalización dos Fondos do Ateneo Ferrolán







nº 33

TURISMO CULTURA


FERROL

www.ferrol.es



Concello de Ferrol
TURISMO
CULTURA





ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA
Revista trimestral do Ateneo Ferrolán

Nº 32

Xaneiro-Febreiro-Marzo 2009

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202-204, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
secretaria@ateneoferrolan.org

WEB
www.ateneoferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos) e da A.E.A. (Asociación Española de Ateneos).

O Ateneo Ferrolán respecta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores. A tod@s eles, grazas.



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:
María Xosé Villar Corral
DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Ateneo Ferrolán
ILUSTRACIÓNS, CABECEIRAS E REALIZACIÓN:
Leandro, Juan de la Fuente, Ateneo Ferrolán

COLABORACIÓNS:
Pilar Blanco Vidal, Séchu Sende, Carlos Callón, Eliseo Zaera, Fortunato

PATROCINA:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza: MESÓN "O ESCUDO", A ESCOLA DA VACA, CENTRO COMERCIAL ABERTO A MAGDALENA, CONCELLO DE FERROL DE FERROL TURISMO-CULTURA, PARADOR DE TURISMO



ferrol e "A ILUSTRACIÓN"

A MAGDALENA

centro comercial aberto

AS NOSAS TENDAS





A SEDE DO ATENEO FERROLÁN ... ¡AGORA SÍ!

§ **2002:**
- A Xunta de Galicia promove e dota de orzamento a recuperación dos barrios históricos. No noso caso o BARRIO DA MAGDALENA.

§ **2003:**
- O ATENEO FERROLÁN, coa colaboración do arquitecto ALFREDO ALCALÁ, elabora e presenta un proxecto documentado e argumentado para a recuperación e actualización dos dous terreos procedentes do LEGADO CARVAJAL nos que estamos situados.
- A Corporación presidida por Xaime Bello aproba, POR UNANIMIDADE, a realización deste proxecto.
- A finais do 2003, a Corporación presidida polo popular Juan Juncal ratifica o acordo anterior e encarga a redacción do Proxecto de execución ó referido arquitecto Alfredo Alcalá, pagando as costas correspondentes.

§ **2004:**
- A revista «Atenea nº 15» do 2º trimestre deste ano, publica un artigo co título «UN ATENEO PARA O SÉCULO XXI» no que con ilusión, deuse conta, previa consulta e autorización do entón Concelleiro de Urbanismo Francisco Pita Romero, do proxecto aprobado para a rehabilitación da Sede do ATENEO FERROLÁN.

§ A partir dese momento paralizouse o proceso de rehabilitación e deixando á marxe historias escuras, rumores e manobras que non merecen a pena ser consideradas; a realidade é que o proxecto aprobado por UNANIMIDADE dun Pleno do Concello quedou aparcado e, por testemuñas directas que temos, por decisión do popular JUAN JUNCAL, coa grave circunstancia de que tiña á disposición unha partida de un millón de euros da Xunta de Galicia para a obra que volveron á tesourería da Xunta de Galicia, por razóns que non sei se vale a pena coñecer.

§ **2008:**
- O Concello de Ferrol aprobou por unanimidade ceder en precario de forma indefinida ao Ateneo Ferrolán o edificio que ocupa desde hai anos: un inmoble do século XVIII pertencente ó Concello e procedente do Legado Carvajal. Até agora, a cesión debía renovarse de forma periódica.

Antes de ter a función cultural que hoxe ten, tivo outros usos –tamén en beneficio da cidade– como queda recollido nos libros de actas, sendo escola de nenas, e como na actualidade, Colexio electoral. Tivo tamén outras funcións e nunha relación dos bens do legado, cos seus valores, rendas, etc...faise mención ó edificio do Ateneo Ferrolán:

> *«finca urbana en Canalejas 204 unida por su interior al 202 y al 5 de Méndez Núñez... estuvieron los servicios de juzgados y escuela mixta, hoy sólo lo ocupan en la planta baja almacenes, comedor de cantinas y colonias escolares, en la planta superior los archivos notariales y del registro de la propiedad ...tienen una superficie de 357 metros cuadrados y un valor de 106.250 pts.»*


Unha casa das máis antigas do Ferrol, que se constrúe no século XVIII; nela destacan importantes e novidosos elementos arquitectónicos, como sinalan os especialistas, por exemplo parte dos seus muros de mampostería pulida, sendo das primeiras edificacións que adoptou este sistema foráneo, tanto en Ferrol, como en Galicia; hai que destacar que hoxe seguimos conservando eses muros abrillantados. Unha das características máis destacadas do edificio son os seus balcóns de forxa que o identifican como un edificio claramente dezaoitesco, en contraposición ás galerías decimonónicas.

Todo este edificio, esta xoia, está hoxe en día aberta á cidade de Ferrol, desenvolvendo unha intensa actividade cultural, cunha biblioteca de interese galego e unha hemeroteca única na cidade.

Sentímonos orgullosos de seguir mantendo, desde o Ateneo, o espírito do Legado Carvajal, realizando un beneficio á sociedade.


Nada mellor para finalizar que as palabras dun importante historiador, que foi ademais presidente do Ateneo, Guillermo Llorca «É de supoñer que Pedro González Carvajal sentiríase satisfeito se vise que unha parte da súa xenerosa achega cidadá ía converterse, co paso do tempo, nun edificio modélico ao servizo cultural de todos os ferroláns».

ATENEO FERROLÁN




AS NOVAS INCORPORACIÓNS DA HEMEROTECA


PRENSA DIARIA: local, nacional e estatal	*Diario de Ferrol · La Voz de Galicia · De Lunsavenres · La Opinión de A Coruña · El País · El Mundo · Galicia Hoxe · Xornal de Galicia · A Nosa Terra · Público*




Papeis ártabros. Nº 4
Ed. Centro Ártabro de Estudios
ISNN: 1698-6202



Anuario Brigantino. Nº 30
Ed. Excmo. Concello de Betanzos
ISNN: 1130-7625



Nalgures. Tomo IV
Ed. Asociación Cultural de Estudios Históricos de Galicia
ISNN: 1885-6349



Ferrolanálisis. Nº 23
Ed. Club de Prensa de Ferrol
ISNN: 1576-4540

Está a disposición dos usuarios da hemeroteca as máis de 450 cabeceiras coas que contamos

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DA **BIBLIOTECA,** O CATÁLOGO INFORMATIZADO QUE PODEN CONSULTAR NA DIRECCIÓN SEGUINTE:

www.opacmeiga.rbgalicia.org

HAI QUE DESTACAR QUE TEMOS RECIBIDO UNHA DOAZÓN DA FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA DE 230 VOLUMES, QUE ABARCAN A HISTORIA, A LITERATURA,A ARTE,A ECONOMÍA, ETC...DE GALICIA.


Agradecemos, ademais, as doazóns de:
Consorcio de Santiago de Compostela, Diócesis de Mondoñedo-Ferrol, Edicións Embora, Carlos Aracil e Oscar Losada Castro.




AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA




O prezo da tentación
Henrique Dacosta
Ed. Embora
ISBN: 978-84-95460-89-9



Ateneístas ilustres
Alejandro R.Díez, Isabelo Herreros, Daniel Pacheco y Alejandro Sanz (ed.)
Ed. Ateneo de Madrid
ISBN: 978-84-930992-4-4



Primeiros Diarios Galegos (1808-1809) 4 vols.
Xosé López e Rosa Aneiros
Ed. Consello da Cultura Galega
ISBN: 978-84-96530-64-5



El lamento de las praderas
Miguel García-Posada
Colección Esquío de Poesía CXLa
Ed. Sociedad Cultural Valle-Inclán
ISBN: 84-95289-94-6




Galicia. Unha cultura para un novo século. Consello da Cultura Galega 1983-2008
Ed. Consello da Cultura Galega. Xunta de Galicia
ISBN: 978-84-96530-73-7

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA

FILMOTECA


que conta hoxe con máis de 500 títulos... e sigue a medrar!



HISTORIAS DA NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA


30 ANOS DE HISTORIA (6)

Son moitas as mulleres que contribuíron a engrandecer a biblioteca-hemeroteca do Ateneo Ferrolán. Mulleres que destacan en diferentes campos profesionais. Na nosa biblioteca custodiamos a súa obra e poñémola a disposición da cidadanía. Esta é unha ínfima representación, aínda que destacada, de todas aquelas autoras que compartiron o seu traballo con nós.























Informamos do Proxecto aprobado pola Fundación BARRIÉ DE LA MAZA para a BIBLIOTECA-HEMEROTECA desta entidade.

III CONVOCATORIA DE PROXECTOS EN COLABORACIÓN

PROXECTO DE RECUPERACIÓN, DIXITALIZACIÓN E POSTA EN VALOR DA BIBLIOTECA-HEMEROTECA DO ATENEO FERROLÁN



A **Fundación Pedro Barrié de la Maza** destinará máis de 116.000 euros a un proxecto de posta en valor da hemeroteca e biblioteca do **Ateneo Ferrolán**, unha das institucións culturais de referencia do norte de Galicia. No marco desta colaboración, a Fundación financiará con 46.400 euros o proxecto *«Recuperación, dixitalización e posta en valor da biblioteca-hemeroteca do Ateneo Ferrolán»*, un dos proxectos seleccionados pola Fundación na súa *III Convocatoria de proxectos en colaboración 2006-2007*. O prazo para a realización do proxecto, financiado en exclusiva pola Fundación, é de dezaoito meses.

Esta colaboración amplíouse coa doazón de máis de 230 títulos editados polo servizo de publicacións da Fundación e coa cesión ao Ateneo da colección de microfilms do *O Correo Galego* correspondentes ao período 1878-1974, que actualmente a Fundación conserva na súa biblioteca na Coruña.

José María Arias, vicepresidente da Fundación Pedro Barrié de la Maza e presidente do Banco Pastor, visitou o 22 de outubro o Ateneo, onde foi recibido polo presidente da institución, Eliseo Zaera, membros da Xunta Directiva e ex-presidentes.

O proxecto ***«Recuperación, dixitalización e posta en valor da biblioteca-hemeroteca do Ateneo Ferrolán»***, inclúe:

· A dixitalización de fondos de prensa únicos e de gran valor histórico e social da hemeroteca do Ateneo, correspondentes a cabeceiras editadas en Ferrol no século XIX e principios do XX, e dos cales o Ateneo conserva os únicos exemplares. Trátase dos xornais «El Radical», «La Democracia», «Diario Ferrolano» –primeiro xornal no que escribe Wenceslao Fernández-Flórez, así como o primeiro de España que contou con servizo propio de telegrafía sen fíos–, «Faro de Ferrol», «El Eco Ferrolano», «Galicia», «La Lucha», «La Voz del Obrero», «El Porvenir», «La Voz de la Liga», «La República», «El Pueblo», «El Bien del Obrero», «El Chicote», «Revista Acorazado» e «La Cruzada» entre outros.

· A **realización dunha hemeroteca dixital** na que se incluirán todos os fondos de prensa que se catalogarán e dixitalizarán no marco deste proxecto, e que será accesible desde unha nova páxina web da entidade.

· A catalogación e dixitalización da colección de fotografías «**A sociedade española de construción naval desde 1900**».


· A **dixitalización dos cinco exemplares existentes na Biblioteca Municipal de Ferrol dos Anuarios de Debates e Conferencias publicados polo Ateneo entre 1903 e 1907**, e dos cales o Ateneo non conserva orixinais en papel.

· A **ampliación do equipamento da biblioteca-hemeroteca do Ateneo**, incluíndo a adquisición de cinco computadores persoais para uso público e interno, así como de diverso material informático.

· A **adquisición dun reprodutor de microfilms e microformas** que permita visualizar, dixitalizar e mellorar devanditas imaxes, co obxecto de pór os fondos dixitalizados a disposición dos usuarios.

A biblioteca do **Ateneo Ferrolán** é unha biblioteca especializada e única no ámbito comarcal de Ferrol, tanto polos seus fondos como porque –aínda pertencendo a unha entidade privada– está aberta ao público. O seu fondo bibliográfico com-





ponse de 7.500 volumes de carácter xeral pero con especial incidencia en temas relacionados coa cidade de Ferrol, así como na arte, a historia, a literatura e a cultura de Galicia.

A hemeroteca, a única existente en Ferrol, conta cunhas 450 cabeceiras de prensa, divididas en revistas e prensa diaria, sendo de notable importancia a sección de prensa local, na que se conservan exemplares únicos do século XIX.



O **Ateneo Ferrolán** é unha asociación sen ánimo de lucro, de carácter cultural, con vocación de promocionar e defender a cultura galega. Foi fundado en 1879 por un grupo de intelectuais presididos por Avelino Comerma e Batalla co nome de ATENEO ARTÍSTICO, CIENTÍFICO E LITERARIO DE FERROL. Logo de varias etapas de actividade e da súa paralización en 1936, o Ateneo reiniciou a súa traxectoria en 1976.

A súa sede atópase nun edificio singular do século XVIII no histórico Barrio da Magdalena, nun inmoble propiedade do Concello de Ferrol.

Baixo o lema **«Un lugar de encontro para a cultura»**, o Ateneo desenvolve as súas actividades como entidade cultural sen ánimo de lucro nos campos das artes plásticas, música, literatura, teatro, audiovisuais.

Na súa programación, destaca o servizo de Biblioteca-Hemeroteca aberto ao público en xeral; o certame anual de gaita galega Constantino Bellón; certames de fotografía, teatro e de curtametraxes; a publicación da súa revista trimestral e dun caderno bianual; as edicións das gravacións en directo das finais do certame de gaita; ou a edición de documentais, entre outras.



O Ateneo é un punto de referencia dentro do mundo cultural da cidade de Ferrol e de Galicia en xeral, polas moitas e plurais actividades que organiza en función dunha demanda social ao servizo da cal orienta todos os seus esforzos e poder de convocatoria. Desde 1989 a Biblioteca do Ateneo Ferrolán está considerada pola Consellería de Cultura e Deporte como «biblioteca de titularidade privada de especial interese para Galicia», integrándose na rede de Bibliotecas de Galicia.

E-mail: comunicacion@fbarrie.org




ACORAZADO ESPAÑA

RECUERDO DE LA BOTADURA








Hamburger Nachrichten

El Heraldo de Hamburgo


GALICIA MODERNA


L FARO DE FERROL

Lunes 21 de Septiembre de 1914

La botadura del JAIME I




Pontevedra 15 de Diciembre de 1897

GALICIA MODERNA

REVISTA QUINCENAL ILUSTRADA

LA VIDA ESCOLAR EN SANTIAGO





24 DE OUTUBRO, DÍA DA BIBLIOTECA

O 24 de outubro celebrouse en Santiago o Día da Biblioteca. Con este motivo, Amigos do Libro Infantil e Xuvenil encargaron a Agustín Fernández Paz o pregón da xornada e a Xosé Cobas o deseño do cartel, que se está distribuíndo en toda a rede bibliotecaria española. Un formidable traballo de Agustín e Cobas. Beizóns!



ONDE HAI UNHA BIBLIOTECA HAI UNHA LUZ
Agustín Fernández Paz

ABRE AS PORTAS e entra. Entra neste espazo que agarda por ti, neste ámbito onde cada palabra é un don que recibimos como agasallo. Percorre todos os recantos desta casa da liberdade, respira este aire que non sabe de fronteiras, déixate levar polo río de recendos que anuncia os tesouros da biblioteca.

Estamos nun lugar especial, sería imposible confundilo. Desde o ceo debe de verse como un punto de luz brillando coa intensidade maior, como un aleph que contén a memoria e os soños da humanidade. Unha luz, si. Unha luz que escintila coma un faro entre as tebras, co rítmico latexar dun corazón inmenso que expande ondas de liberdade e de esperanza polo territorio que a circunda.

Quizais poderiamos seguir vivindo se nos faltase este aire que fai vibrar todas as células do noso corpo, se cadra as persoas continuariamos coa nosa existencia rutineira se non existise a biblioteca, mais algún lugar decisivo ficaría baleiro no noso corazón.

Faltarinos a enerxía que nos fai desexar unha vida mellor, unha cidadanía máis libre, unha sociedade máis xusta. Doerianos non escoitar a voz das persoas que sufriron a historia e a das que a sofren agora mesmo; sería insoportable oír só as palabras dos que tentan dirixir e controlar as nosas vidas.

Para que isto non suceda, abre as portas e entra. Ábreas sempre, todas as portas, pois cada vez que o fas incorpóraste ao río subterráneo que alimenta a biblioteca, ao torrente de liberdade que a fai vivir e lle dá azos renovados.

ABRE OS LIBROS e mergúllate na auga da vida que abrolla irreprimible desde as súas páxinas. Déixate arrastrar pola fervenza de voces, de linguas, de recendos, de paisaxes. Non esquezas nunca o abraio que experimentamos nos anos da infancia, cando se nos revela a dimensión máxica que teñen as palabras e descubrimos que as páxinas dos libros poden conter o mundo enteiro.

Como as labregas que se afanan na rebusca de espigas entre os regos despois da ceifa, tamén os escritores recollen as palabras unha a unha e elaboran con elas o humilde pan dos seus textos. Deste xeito fan que cheguen ata nós, sempre novas e sempre sorprendentes, pois os libros posúen a insólita capacidade de revivir e reinventarse en cada nova lectura.

Todas as persoas necesitamos as historias, os soños, as palabras, talvez sexa unha característica inscrita no ADN da humanidade. Necesitámolas coma o comer, como beber auga, xaora que si. Para entendermos o mundo e para entendernos a nós mesmos, para soñar outros destinos, para loar os dons que a vida nos dá. Sabemos que non poderiamos vivir sen o alento da imaxinación e da creatividade, sen as palabras que expresan a variedade e a beleza dos nosos desexos e dos nosos sentimentos.

Por todo iso, abramos os libros. Eles conteñen os soños, as paixóns, os medos, os amores, as risas. Nas súas páxinas habita a inmensa variedade de sentimentos e experiencias da humanidade, das persoas que viven agora en calquera lugar do mundo e das que desapareceron hai moitos anos. Os libros: ríos de palabras que se nos ofrecen con xenerosidade para axudarnos a aprender o oficio de vivir, para cambiarnos a vida e implicármonos na transformación do mundo.

ONDE HAI UNHA BIBLIOTECA HAI UNHA LUZ que traspasa todos os muros, unha luz que se fai máis intensa cando medran as persoas que a incorporan ás súas vidas. As mesmas persoas que logo, ao saíren por rúas e prazas, levarán canda elas o reflexo desa luz, a semente dese mundo novo que algún día faremos agromar. Un mundo máis solidario, máis plural, máis culto, máis xusto. Un mundo onde non se escoite a voz adormecedora dos poderosos, senón as palabras múltiples e diversas de todas as persoas que habitamos esta casa común que é o noso planeta. 



PLATAFORMA DE AXUDA URXENTE A CUBA

Creouse en Ferrol a **PLATAFORMA DE AXUDA URXENTE A CUBA** co fin de achegar fondos para un proxecto de reconstrución de infraestruturas produtivas e vivendas afectadas polos furacáns Gustav e Ike na provincia de Pinar del Río.
A nosa achega é de ATENEO a ATENEO. O inmoble onde está situado o **Ateneo de Santiago de Cuba** tamén se viu afectado polos furacáns; mostramos unha breve reseña do edificio.









CASA DO LICENCIADO ANTONIO BRAVO CORREOSO

Elegante inmoble situado nunha das principais arterias da cidade, a súa imaxe data dos primeiros anos do século XX, aínda que no seu interior consérvase parte do corpo edificado no século XIX. A súa maior connotación histórica está en que foi propiedade –nas primeiras décadas do século XX– do ilustre avogado Licenciado Antonio Bravo Correoso. Mantivo as súas funcións de vivenda até despois de 1960, posteriormente funcionou como Arquivo da Propiedade até principios dos anos 80, logo foi sometida a unha rehabilitación en 1995, para quedar como sede do Ateneo Cultural.

É unha edificación ecléctica con marcada influencia da arquitectura árabe e gótica, con planta en forma de anel desenvolvida a partir dun patio interior, ao redor do cal atópanse as galerías e dependencias de ambos niveis. Presenta dous niveis, o primeiro destacase pola abigarrada decoración da súa fachada, especialmente o amplo enmarque superior das portas -fiestras decoradas en altos relevos con gráciles elementos fitomorfos, cruces latinas enmarcadas con molduras e perforadas no muro, que imitan unha celosía semellante ao arrabá árabe. As fiestras son pareadas e presentan arcos de medio punto con cristais de cores e separadas por maineis; interiormente presentan un marco de formigón pentafoliado con pequenos elementos floridos e un muro de formigón onde aparece de forma reiterativa a cruz calada.

O acceso principal, no extremo dereito da fachada, está guarnecido por pilastras decorativas e un elaborado enmarque superior con medallón central. A porta é unha curiosa combinación da española de cravos coa de taboleiros resaltados. O arco carpanel que conforma este vano esta delimitado por unha elaborada rexa.

O segundo nivel exhibe balconadas desenvoltas a todo ao longo, sostidas por cans decorativos con elementos vexetais; sobresae un encima do acceso principal, delimitado por finas columniñas que sosteñen os arcos trilobulados e un friso decorado con cruces caladas, todo protexido por un teito. As portas - fiestras teñen un tratamento diferente ás anteriores, pois o arco superior é unha derivación do trilobulado.

Os interiores do corpo principal gardan coherencia formal co seu exterior e presenta unha maxestosa escaleira de dúas ramas con chanzos e pasamáns de mármore e fermosa ferrería na súa varanda que vincula ambos niveis. O elemento divisorio está conformado por arcos oxivais cun fermoso encaixe calado en madeira, e medallóns decorados nas súas enxutas, o falso teito e os plafóns das lámpadas son de folla de lata cuñada, que resaltan polo tratamento multicolor dos seus elementos figurativos. O ambiente adquire unha connotación especial cando os raios solares atravesan os vitrais coloreados das portas-fiestras.





«TODOS OS DEREITOS PARA TODAS AS PERSOAS: RENOVAR O COMPROMISO»

60 ANOS DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS

Hai 60 anos, os Estados lembraron o seu compromiso de «promover o progreso social e elevar o nivel de vida dentro dun concepto máis amplo da liberdade» e recoñeceron que «os seres humanos só poden liberarse do temor e da miseria se se crean condicións nas que todas as persoas poidan gozar de todos os dereitos humanos».

Ao adoptaren a Declaración Universal dos Dereitos Humanos o 10 de decembro de 1948, os Estados comprometéronse a respectar e facer cumprir o conxunto dos dereitos humanos, civís, económicos, políticos, sociais e culturais, proclamando así o dereito a un nivel de vida digno. Todos os dereitos humanos son universais, indivisibles e interdependentes, e ningún ten prioridade sobre outro. Xa que logo, a comunidade internacional debe tratar o conxunto dos dereitos en forma global e de xeito xusto e equitativo, con igualdade e dándolles a todos o mesmo peso. Para gozar plenamente do dereito á liberdade de expresión é preciso promover esforzos a prol do dereito á educación. Para gozar do dereito á vida é preciso reducir a mortalidade infantil, as epidemias e a malnutrición.

Porén, malia a promesa da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, só en 2007, 1.252 persoas foron executadas polo seu respectivo Estado en 24 países distintos, tamén se documentaron casos de tortura e malos tratos en máis de 81 países, e en 45 hai presos e presas de conciencia detidos. Ademais, 854 millóns de persoas padecen fame e 1.100 millóns de persoas non ven satisfeito o seu dereito a unha vivenda digna, das cales máis da metade son mulleres.

Sesenta anos despois, aínda está por cumprir a promesa duns dereitos humanos universais e indivisibles para todas as persoas, que permitan facer efectivo o dereito a un nivel de vida digno e o ideal do ser humano libre.

Por iso no 60 aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos esiximos a gobernos e entidades públicas e privadas que respecten os dereitos humanos e que se comprometan na defensa da súa universalidade, indivisibilidade e interdependencia, promulgadas na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

JOSE COUSO

Coincidindo coa celebración do Día Internacional dos Dereitos Humanos, o IES Puga Ramón da Coruña organizou o pasado 18 de decembro, unha homenaxe ao cámara de televisión, José Couso.

As actividades comezaron cunha conferencia de Javier Couso, irmán do cámara falecido en Iraq, que versou sobre ‘Crimes de guerra e control informativo en Iraq’. Seguidamente, inaugurouse unha exposición, e entregarase á familia de José Couso un libro de poemas escritos polos alumnos do centro escolar.

José Couso Permuy foi un cámara e reporteiro gráfico español que morreu durante a invasión de Iraq de 2003 cando un carro de combate estadounidense disparou ao hotel no que se atopaba.

Iraq é o principal punto negro do mapa. «En ningún país mataron nunca a tantos periodistas. Desde a invasión norteamericana, en marzo de 2003, alí asasinaron ao menos a 207 profesionais. Nin a guerra de Vietnam, nin o conflito na antiga Iugoslavia, nin sequera os masacres de Arxelia ou o xenocidio ruandés causaron tantas vítimas..»



INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO POR PARTE DO ESTADO ESPAÑOL DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS

RATIFICACIÓN DA CARTA EUROPEA DE LINGUAS REXIONAIS E MINORITARIAS

O 15 de setembro de 2001 publicouse no Boletín Oficial do Estado o instrumento de ratificación da Carta Europea das Linguas Rexionais ou minoritarias, feita en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992.

O Estado español declara expresamente no seu texto a súa promesa de dar cumprimento, observar e facer que se cumpra e observe puntualmente en todas as súas partes o texto ratificado, e declara, para os efectos previstos nos artigos da Carta, que se entenden por linguas rexionais ou minoritarias do Estado español as linguas recoñecidas como oficiais nos Estatutos das Comunidades Autónomas do País Vasco, Catalunya, Illes Balears, Galiza, Valencia e Navarra.

O Preámbulo da Carta europea posúe un valor declarativo e hermenéutico de grande importancia ao permitir que, por primeira vez, o Estado español asuma de forma directa, respecto de cada unha das linguas antes referidas, que o dereito á súa utilización na vida privada ou pública constitúe un dereito imprescritíbel de conformidade cos principios contidos no Pacto Internacional de Dereitos civís e políticos das Nacións Unidas, e de acordo co Convenio do Consello de Europa para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais.

Tras unha magoante historia de persecución e marxinación das devanditas linguas, e dunha supervivencia lingüística lograda pola loita calada de milleiros de persoas que, a pesar da aberta hostilidade do poder, continuaron empregando a súa lingua propia, o Estado español fai por primeira vez unha declaración, non só política senón xuridicamente vinculante, que sitúa o dereito ao uso da lingua propia ao mesmo nivel que un dereito fundamental.

Para comprendermos o alcance desta nova configuración dos dereitos lingüísticos, debe lembrarse que a Constitución española aborda a temática relativa ao uso das linguas españolas distintas do castelán no seu artigo 2, na Parte programática da Constitución, limitándose a recoñecer que estas serán tamén oficiais de acordo cos seus Estatutos, polo tanto sen lles outorgar rango de dereito fundamental, nin lles atribuír, polo tanto, os mecanismos de protección destes dereitos deseñados na propia Constitución no seu artigo 53, e remitindo a configuración do seu réxime xurídico a unha norma de rango autonómico.

O compromiso internacional, pero tamén interno, asumido polo Estado español tras esta declaración, supón que os incumprimentos flagrantes que o mesmo continúa a cometer respecto da garantía do exercicio a todos os cidadáns do dereito ao uso da súa lingua se eleve automaticamente á categoría de atentado dun dereito fundamental.

A Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias pon a disposición de todos os cidadáns do Estado español un instrumento xurídico ao que recorrer no suposto de incumprimento dos seus compromisos. 



Os movementos sociais comprométense a crear alianzas e mobilizacións contra o neoliberalismo durante 2009. O proceso do FSGal continuará na Galiza cando menos cada dous anos, levará a nación galega ao discurso altermundista planetario e del sairán alianzas contra o capitalismo.

FORO SOCIAL GALEGO: ALIANZAS E MOBILIZACIÓNS PARA 2009



A asemblea de movementos sociais celebrada dentro do concorrido Foro Social Galego do pasado decembro de 2008, decide poñerse a traballar para darlle continuidade ao proceso, probabelmente cada dous anos.

Do mesmo xeito, os movementos e persoas a título individual, que superaron os dous centos reunidos na Sala Mozart do Auditorio de Galiza, tamén falaron de levar o ideario exposto no FSGal ao vindeiro Foro Social Mundial, a celebrar a finais de xaneiro en Belém do Pará (Brasil) e así poñer a Galiza como nación no altermundismo planetario.

Outro punto no que os movementos parecen estar de acordo é no de crear alianzas urxentes para dar resposta ao panorama de crises acumuladas que asolan o planeta, de xeito que nas vindeiras semanas haberá contactos ao respecto para levar a teoría do FSGal á acción concreta, con propostas ideolóxicas e mobilizacións definidas.

Na asemblea de movementos houbo unha trintena de intervencións de membros de movementos sociais antihexemónicos e de persoas a título individual. Estas últimas coincidiron en tentar coordinarse cun sistema de comunicación para dar continuidade ao proceso de adhesións individuais.

A asemblea, moderada por membros do Consello do Foro, tratou unha proposta de varios movementos tendente a crear unha alianza por unha Europa dos pobos e contra os tratados de libre comercio.

Xan Hermida, da organización Amarante, ademais de felicitarse, como todos os intervintes, polo exitoso proceso do primeiro FSGal falou de «recuperar a política para os movementos», pois «nas institucións só xestionan o poder» e de tomar a acción cunha alianza galega por unha Europa dos pobos e non das multinacionais, salientando o carácter internacionalista dos movementos galegos.

Pola súa banda, Eva Gil, tamén de Amarante, reclamou a atención sobre a sociedade patriarcal na que estamos inseridos e fixo un chamamento ás mulleres dos movementos sociais a alzar a voz, pois son elas as que máis traballan.

O Sindicato Labrego Galego tamén incitou á creación dun plano de acción para saír do debate teórico, especialmente no tema do neoliberalismo e contra a OMC e os tratados de libre comercio rexionais e bilaterais, aos que Galiza debe dar resposta.

Lidia Senra, da antedita organización, levou o discurso á práctica lanzando a pregunta que estaba nos miolos de todos: Que imos facer? E chamou a mobilizacións concretas de todos os movementos, como a que se dará en todo o planeta o 17 de abril de 2009, Día Internacional da Loita Labrega.

Seguidamente, Manuel Dios, do Seminario Galego de Educación para a Paz, ademais de felicitar a todos os movementos e persoas polo éxito do FSGal, animou a consolidar a firme base de traballo que crearon as organizacións, ás que, dixo, corresponde a acción social e concluíndo que «o FSGal será o que os movementos queiran».

Xan Duro, de Verdegaia, salientou o momento clave que estamos a vivir,



con crises acumuladas que desembocan nunha crise ecolóxica global que debe estar na loita de todos os movementos. «Isto esixe unha resposta clara fronte á refundación do capitalismo ou as posíbeis derivas autoritarias que sen dúbida van xurdir, de xeito que temos que plasmar nun documento un proxecto viábel que sexa común a todos e todas». Duro fixo un chamamento para traballar durante este ano para concretar alternativas de acción.

Coa importancia da cuestión ecolóxica estivo de acordo Adela Figueroa, de Adega, que afirmou que «calquera resposta que os grupos fagan ás diversas problemáticas do planeta deben ter como centro a cuestión ecolóxica».

Outras intervencións, que coincidían nos puntos clave e nos parabéns á celebración do foro, falaron dos perigos na sanidade pública, como a de Felipe Noya, de Médicos do Mundo e tamén sobre a necesidade de que os movementos asuman as diversas temáticas tratadas no FSGal e as difundan, como afirmaba Xabier Macías, da Fundación Galiza Sempre.


Algo no que coincidiron moitas intervencións foi a de situar a Galiza como nación no ámbito altermundista planetario.


Xabier Macías salientou ademais a evidencia de que se existe un FSGal é porque Galiza ten o seu carácter de nación: «os pobos e as nacións non son un invento, están aí, son parte da realidade e a existencia deste foro non é, evidentemente, casual. Somos nación, e ese discurso debe presidir todo o que fagamos, para pór a Galiza como nación na loita altermundista».

A isto engadiu Xan Hermida, de Amarante, que ademais de levar a Galiza ao foro de Belém como nación hai que levala tamén cunha formulación o presentación de acción, no que a estratexia debe estar por riba da práctica. Animou, do mesmo xeito, á creación de contrapoderes.

Lupe Ces, da Marcha Mundial das Mulleres, foi aínda máis concreta, ao pedir que o FSGal defenda en Belém algunhas reivindicacións que a súa rede vai propor, como a inclusión do dereito ao aborto na Carta de Principios do FSM, a petición de que o pobo xitano teña a súa representación no Consello Internacional do FSM ou o apoio ás accións globais que a MMM vai facer para 2010.

A asemblea continuou con moitas intervencións máis, tendentes todas a unha mensaxe unitaria: «o foro foi un éxito, temos que felicitarnos por ser quen de celebralo, falamos de cousas importantes e agora hai que pasar á acción xa».





CARTA ABERTA DO PRESIDENTE A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA ACTUAIS, VIRTUAIS E POSIBLES, EXTENSIVA A TODOS OS SOCIOS E SOCIAS, AMIGOS E AMIGAS.

Queridos amigos e amigas:

Non quero transmitir nin unha pinga de pesimismo ou derrotismo se afirmo con rotundidade que isto, a vida e a xestión do ATENEO FERROLÁN, non pode seguir así, e digo máis, estou completamente seguro que non vai seguir.

Achéganse tempos importantes para a revitalización desta sociedade que vai necesitar de apoios e achegas de moitos socios e socias en resposta dos novos retos que temos e imos ter en adiante:

· O proxecto de dixitalización da Hemeroteca xa en marcha, vai supoñer un avance cuantitativo e cualitativo nesta importante sección da nosa Entidade, avance e mellora, como estou repetindo por activa e por pasiva, non só para o ATENEO, senón para toda a cidadanía.

· A rehabilitación da sede, AGORA SI, será unha fermosa realidade non máis alá dun par de anos. E outra vez teño que repetir –a xente no seu afán de simplificar identifica ao ATENEO co seu Presidente e a obra a realizar a personaliza tamén– que a rehabilitación non é para min, nin tan sequera para a entidade ATENEO, é para TOD@S, é de TOD@S, e todos e todas temos que felicitarnos porque un espacio –do que TOD@S somos propietarios– se acondicione para que poidamos gozar del.

Teño a confianza de que esta realidade ha de ilusionar a un bo número de cidadáns, socios ou non, para sumarse á tarefa de xestionar unha intensa actividade cultural en beneficio da cidadanía e da cidade.



ATENEO FERROLÁN: "DENDE 1879, UN LUGAR DE ENCONTRO PARA A CULTURA", COLABORA CON NÓS.

Informamos da nova campaña de **socios e socias**, (custa 8 euros ao mes) e que da dereito a recibir trimestralmente a nosa revista Atenea, ao servizo de préstamo da nosa Biblioteca-Hemeroteca, da nosa Filmoteca, ao Caderno bianual (o último FERROL CIDADE DA ILUSTRACIÓN e en próximas datas sairá A CONSTRUCIÓN NAVAL NA RÍA DE FERROL), e a recibirdes información de todas as nosas actividades: cine, exposicións permanentes, charlas, música en directo, conferencias, curtametraxes, movementos sociais, club de lectura, concursos e certames propios ...

FACÉNDOTE SOCIO - SOCIA COLABORAS DA MELLOR FORMA POSÍBEL CO NOSO PROXECTO CULTURAL. PARTICIPA FAITE SOCIA ou SOCIO (FAI A ALGÚN AMIGO ou AMIGA)

ENVÍANOS ESTA FICHA CUBERTA A:
Ateneo Ferrolán
Madalena, 202-204 · 15402 Ferrol (A Coruña)

COTA:
ADULTOS 8 euros
MENORES 4 euros.

1ºAPELIDO______________ 2ºAPELIDO______________


NOME__________ DNI _______ DATA NACEMENTO_______

ENDEREZO______________ POBOACIÓN__________

CP______ PROVINCIA_________ TELÉFONO__________

CORREO-E____________ BANCO Nº CONTA (20 díxitos)________





A NOVA GRELLA FILISPINIANA, INCLÚE O PROGRAMA QUE VAI REALIZAR O **ATENEO FERROLÁN**, «**ATENEA**».

En principio, o programa terá unha periodicidade mensual, aínda que se a cousa funciona e a xente se anima, poderiamos chegar a semanal.

Desde o **Ateneo Ferrolán**, facemos un chamamento aos socios e socias para que, se lles interesa, se animen a participar nesta nova actividade radiofónica e axuden a facer o programa.

www.ateneoferrolan.org



O programa **Atenea**, emitirase en **Rádio FilispiM 93.9 da FM**:
Luns: 21:00hs. - 22:00hs. [Diferido]
Mércores: 19:00hs. - 20:00hs. [**Directo**]
Sábados: 15:00hs. - 16:00hs. [Diferido]



ESPECTÁCULO POÉTICO - MUSICAL **A CASA DO POETA**

SÁBADO 24 DE XANEIRO
ÁS 20:00,
NO ATENEO FERROLÁN

A casa do poeta son:
JUAN CARBALLO (poemas)
MONCHO NÚÑEZ (cancións)



Seguindo a liña da «Volta ás Rías Galegas en verso» e de «Elaborando o meu delirio», presento a nova xira que levará *A casa do poeta* polos pobos da nosa terra, recuperando as vellas tradicións trobadorescas e levando a cultura ás rúas, as prazas, sempre que o tempo acompañe, senón refuxiarémonos en teatros, librarías, bares... Convertendo este proxecto nun espectáculo en movemento, que eleve a poesía e outras artes tamén con menos repercusión ao lugar que lle corresponde, amosando un anaco máis da diversidade cultural de Galicia.



www.juancarballo.insomnioweb.com

AXUDA A **MANTER** E POTENCIAR ESTE **ESPACIO DE LIBERTADE**

FAITE SOCIO DO **ATENEO FERROLÁN**

SUSCRÍBETE Á REVISTA **ATENEA**

QUEDAN OS ÚLTIMOS EXEMPLARES DO CADERNO «FERROL, CIDADE DA ILUSTRACIÓN».



VII CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL "ATENEA" 2009

BASES

1 As entidades ATENEO FERROLÁN e CAIXANOVA convocan o VII Certame de Teatro Infantil e Xuvenil "ATENEA" 2009, dirixido a Centros Escolares e mais a Entidades ou Sociedades Culturais que teñan sección infantil ou xuvenil de actividades, coa fin de promover entre eses primeiros segmentos da nosa cidadanía o interese, afección e amor ás letras e á representación escénica.

2 PARTICIPANTES. Poderán participar e optar ós premios que se establecen tódolos grupos teatrais, non profesionais, vencellados a Colexios Públicos e Privados, a Sociedades Culturais ou Veciñais da comarca, que se correspondan coas categorías que se establecen nestas Bases.

3 CATEGORÍAS. Establécense catro categorías para a participación neste Certame:

A) Grupos de Teatro Infantil
B) Grupos de Teatro Primaria
C) Grupos de Teatro Xuvenil
D) Educación Especial

A idade límite para participar como actor será de 20 anos, salvo nos casos excepcionais que serán valorados polo xurado.

4 CONDICIÓNS BÁSICAS.

a) Cada grupo participante só poderá presentar ó Certame unha obra.

b) A duración da representación de cada obra estará entre 20 e 75 minutos.

c) Haberá unha distinción especial para aqueles grupos que presenten unha obra inédita.

5 Tódolos grupos que queiran participar deberán enviar as súas solicitudes ó Ateneo Ferrolán (Rúa Magdalena, 202. Aptdo. 303. 15402 Ferrol ou ben por E-mail: secretaria@ateneoferrolan.org) nas que farán constar os seguintes datos: nome do colexio ou entidade e da persoa responsable cos datos correspondentes ó grupo presentado (nome do grupo, nome da obra, número de actores e idades, duración da obra e espacio necesario).

6 PRAZO. O prazo de presentación para a participación no Certame remata o **20 de marzo de 2009**. Co gallo de facilita-la asistencia e traballo do Xurado, xunto coa solicitude deberá achegarse unha copia do texto da obra, e tamén, deberán presentar unha gravación da mesma en formato DVD.



7 REALIZACIÓN. A representación das obras, na súa primeira fase, terá lugar nos meses de marzo, abril e maio do 2008, dentro dun programa que estará en función do número de participantes. O Xurado fará unha selección de DOUS grupos nas categorías A, B e C, así como na categoría D haberá un só grupo seleccionado. O Xurado valorará en cada representación os seguintes apartados:

a) Mellor posta en escena
b) Mellor representación

8 XURADO. O Xurado será nomeado, de mutuo acordo, entre o Ateneo Ferrolán e Caixa Nova.

9 PREMIOS. Dos grupos finalistas, como parte do Premio, poderán ser seleccionados para unha representación o día da entrega de Premios nun lugar a determinar pola Organización. Tamén recibirán unha cantidade en metálico, igual para todos polo importe de douscentos cincuenta euros (250 euros) que deberán ser destinados á adquisición de materiais para a formación e promoción das artes escénicas. A asistencia á entrega de premios é obrigatoria por parte dos representantes dos grupos, o seu incumprimento anularía o premio acadado.

10 A presentación a este concurso supón a plena aceptación destas Bases. Tódolos imprevistos non contemplados nelas, serán resoltos polo Xurado sen ningún tipo de apelación.



MARTES DE CINE

CICLO "CINE OBREIRO"

EN COLABORACIÓN CO CGAI (Centro Galego de Artes da Imaxe)

As proxeccións serán os **martes ás 19:00hs.** no **Salón de Actos do Ateneo Ferrolán;** a **entrada é de balde.** Prégase puntualidade.



20 de xaneiro

A FOLGA (1924) de Sergei M. Eisenstein

Duración: 82' · **Guión:** Sergei M. Eisenstein, V. Pletniov, I. Kravchinovski · **Fotografía:** Eduard Tissé (B&W) · **Intérpretes:** Maxim Straukh, Grigori Alexandrov, Mikahil Gomorov · **Sinopse:** Os obreiros dunha importante empresa da Rusia zarista están descontentos e decididos a ir á folga. O director da empresa comunica as súas sospeitas a altos funcionarios políticos e estes envían aos seus informadores. A tensión dispárase cando un obreiro se suicida ao ser acusado inxustamente.



27 de xaneiro

EN CONSTRUCIÓN (2001) de José Luís Guerín


Duración: 125' · **Guión:** José Luis Guerin · **Produtor:** A. Camín Díaz · **Fotografía:** Alex Gaultier · **Intérpretes:** Juana Rodríguez, Iván Guzmán, Juan López López · **Sinopse:** Retrato sobre tres historias que se desenvolven no barrio do Raval de Barcelona: un ancián mariñeiro que busca unha habitación,as vicisitudes dunha prostituta e o seu mozo, e a obsesión relixiosa de tres inmigrantes.



3 de febreiro

RECURSOS HUMANOS (1999) de Laurent Cantet

Duración: 100' · **Guión:** Laurent Cantet, Gilles Marchand · **Fotografía:** Matthieu Poirot-Delpech · **Intérpretes:** Jalil Lespert, Jean-Claude Vallod, Chantal Barré · **Sinopse:** Narra a historia dun mozo recén licenciado na universidade, que é contratado no departamento de Recursos Humanos dunha fábrica na campiña francesa como pasante. Está cheo de ilusión e inxenuidade, e cre que os seus esforzos servirán para acercar as posturas entre os sindicatos e a dirección con respecto á xornada laboral.



10 de febreiro

A CUADRILLA (2001)Ken Loach

Duración: 93' · **Guión:** Rob Dawber · **Música:** George Fenton · **Fotografía:** Barry Ackroyd · **Intérpretes:** Dean Andrews, Tom Craig, Joe Duttine · **Sinopse:** Os seus protagonistas son un grupo de operarios, especializados en arranxar problemas nos raís do ferrocarril. Tocarlles enfrontarse co despido e o emprego temporal. O director segue reinventándose a si mesmo; o más abraiante é, sen dúbida, o moi deprimente final da cinta.



17 de febreiro

A CLASE OBREIRA VAI AO PARAÍSO (1971) Elio Petri

Duración: 125' · **Guión:** Elio Petri / Ugo Pirro · **Música:** Ennio Morricone · **Fotografía:** Matthieu Poirot-Delpech · **Intérpretes:** Gian Maria Volonté, Mariangela Melato · **Sinopse:** Lulú é un home que se entrega a fondo no seu traballo e por iso é apreciado polos seus superiores e odiado polos seus propios compañeiros. Dada a dureza das condicións de traballo, os sindicatos deciden mobilizarse, cousa que a Lulú non lle agrada.



3 de marzo

XERMINAL (1993) Claude Berri

Duración: 158' · **Guión:** Claude Berri & Arlette Langmann (Novela: Émile Zola) · **Música:** Jean-Louis Roques · **Fotografía:** Yves Angelo · **Intérpretes:** Gérard Depardieu, Renauld, Miou-Miou · **Sinopse:** Etienne Lantier, un mozo parado convertido en mineiro, inicia un verdadeiro descenso aos infernos. Descubre a miseria, o alcoholismo, as relacións sexuais sórdidas, homes indecentes ou xenerosos, toda unha humanidade en sufrimento condenada polo capital.



10 de marzo

PAN E ROSAS (2000) Ken Loach


Duración: 110' · **Guión:** Paul Laverty · **Música:** George Fenton · **Fotografía:** Barry Ackroyd · **Intérpretes:** Pilar Padilla, Adrien Brody, Elpidia Carrillo · **Sinopse:** Maia e Rosa son dúas irmáns mexicanas que traballan de limpadoras para unha gran empresa en Hollywood; até que coñecen a Sam, un defensor dos traballadores que espertará nelas a forza para levantarse en contra da súa marxinal situación, na procura dunha mellora da súa condición social.



17 de marzo

ROSETTA (1999) Jean-Pierre Dardenne, Luc Dardenne


Duración: 91' · **Guión:** Jean-Pierre Dardenne & Luc Dardenne · **Música:** Varios · **Fotografía:** Alain Marcoen · **Intérpretes:** Émilie Dequenne, Fabrizio Rongione, Olivier Gourmet · **Sinopse:** Rosetta é unha moza de 17 anos que vive nunha caravana coa súa nai alcohólica e que non desexa outra cousa que un traballo digno. *Rosetta* é o esmagante grito de liberdade dun ser desesperado que navega á deriva.



24 de marzo

NA PUTA RÚA (1997) de Enrique Gabriel Lipchutz

Duración: 95' · **Guión:** Enrique Gabriel Lipchutz · **Música:** Juan Carlos Senante · **Fotografía:** Raúl Pérez Cubero · **Intérpretes:** Ramón Barea, Marga Escudero, Jesús Franco · **Sinopse:** Xoán, un electricista que se mudou do País Vasco a Madrid en busca de mellores perspectivas laborais, atópase sen traballo, sen poder pagar a pensión na que vivía e, polo tanto, «na puta rúa». Sen emprego e sen fogar, terá como compañeiro de desventuras a outro emigrante, vido do outro lado do charco.



31 de marzo

O SAL DA TERRA (1954) Herbert J. Biberman

Duración: 93' · **Intérpretes:** David Sarvis, Mervin Williams · **Sinopse:** En Novo México, un grupo de mineiros sofren discriminación en condicións de vida e de traballo con respecto aos seus compañeiros anglos. Tras un accidente sucedido na mina, os obreiros mexicanos deciden ir á folga e esixir igualdade. Pero esa mesma igualdade é a que esixen as mulleres dos folguistas, que se negan a quedar na casa sen tomar parte na protesta.





EXPOSICIÓNS

V EXPOSICIÓN PEQUENO FORMATO
ARTES PLÁSTICAS SOCIOS E SOCIAS
Do 19 de decembro ate o 13 de xaneiro, estará exposta a **V Exposición Colectiva de Artes Plásticas «Pequeno Formato»** dos socios e socias do Ateneo Ferrolán.

PARTICIPAN :
ANXO ÁLVAREZ, ELVIRA MÍGUEZ, FERNANDO SÁNCHEZ, CHAPELA, LAIS, LUCÍA MÍGUEZ CORTÉS, LUIS RAPELA, MARIBEL CABANA INSUA, MERCEDES ROMERO, QUINTILLÁN, SABELA ARIAS, SPELA TROBEC, TERESA ALONSO, XOÁN XOSÉ BRAXE

PANEIS EXPOSICIÓN **IRMÁNS SUÁREZ PICALLO**
Do 16 ao 30 xaneiro

MARCO CERRÓN DUQUE – ACRÍLICOS
Do 4 ao 16 febreiro



A exposición premiada polo **MUSEO DO POBO GALEGO** na edición deste ano do **Concurso de Proxectos Didácticos "Antonio Fraguas"** estará no **Ateneo Ferrolán do 22 de decembro ao 13 de xaneiro**.


Coordinación:
Bernardo Máiz Vázquez e **Enrique Freire Hermida**

Fotos, planos de chalanas, lanchas, traiñeiras, bucetas e botes polbeiros, entre outros, enchen os paneis que forman a exposición coa que o IES Concepción Arenal optou ao Premio que cada ano convocan a Fundación Antonio Fraguas e o Museo do Pobo Galego.

Un dos apartados máis salientábeis da exposición chámase, moi graficamente, **"O que houbo e se perdeu"**. Pódense ver planos e fotos magníficas: un falucho de 11 m. con vela latina, un traiñón de Viveiro de 15 m de eslora ou os patexeiros.

OUTRAS ACTIVIDADES:

Os días **2, 8 e 15 de xaneiro** de 2009 ás **19,30 horas** no salón de actos do **Ateneo Ferrolán**,gozaremos dun estupendo ciclo de cine documental con tres obras impactantes e directas á conciencia.



DÍA 2 de xaneiro ás 19:30 horas.
«LOS ESPIGADORES Y LA ESPIGADORA»
de Agnés Varda (Francia)
Hai que recuperar todo o que nos é útil, é unha cuestión de ética.



DÍA 8 de xaneiro ás 19:30 horas.
«LA PESADILLA DE DARWIN»
de Hubert Sauper (Francia, Austria e Bélxica)
Unha testemuña dramática dos desastres da globalización.



DÍA 15 de xaneiro ás 19:30 horas.
«ZEITGEIST»
de Peter Joseph
O seu contido cuestiona os efectos do sistema monetario sobre o conxunto da sociedade, propondo unha sociedade alternativa.

A casa do poeta

Seguindo a liña da **«Volta ás Rías Galegas en verso»** e de **«Elaborando o meu delirio»**, presento a nova xira que levará **A casa do poeta** polas vilas da nosa terra, recuperando as vellas tradicións trobadorescas e levando a cultura ás rúas, as prazas, sempre que o tempo acompañe, senón refuxiarémonos en teatros, librarías, bares..., convertendo este proxecto nun espectáculo en movemento, que eleve a poesía e outras artes tamén con menos repercusión ao lugar que lle corresponde, amosando un anaco máis da diversidade cultural de Galicia.

Sábado 24 de xaneiro ás 20:00hs., no Ateneo Ferrolán
(Máis información na Sección «Breves», páx. 20 nesta mesma Revista)

Para máis información sobre:
CERTAMES, Bases de CONCURSOS, CONVOCATORIAS, etc na nosa páxina web:
www.ateneoferrolan.org



XORNADAS SOBRE O MEDIO MARIÑO

Organizadas Pola Sociedade Galega de Historia Natural (Delegación Ferrol); Secciones «Mamíferos Mariños» e «Museo da Natureza» **e patrocinadas polo** Concello de Ferrol – Concellería de Medio Ambiente **e coa participación do** Ateneo Ferrolán

Venres 30 de xaneiro

12h. – Apertura da exposición **«Azul e Branco» – «A Natureza Galega»**

Presentación da exposición fotográfica sobre a Antártida de ***Carlos Caraglia*** que poderá visitarse ata o día 28 de Febreiro. O **«Museo da Natureza»** compartirá o espazo expositivo cunha representación dos últimos traballos de conservación e montaxes de esqueletos realizados nos últimos tempos.

18:30h. – Presentación do vídeo **«Proxecto polar»**

Conferencia e proxección do vídeo, impartido polo autor e director do proxecto, ***Carlos Caraglia***. A través de imaxes de vídeo e fotografías de gran formato contemplamos distintas paisaxes do continente xeado así como dos animais que poboan estas terras. Con esta exposición preténdese sensibilizar á xente da fraxilidade duns ecosistemas únicos que alberga tesouros aínda por descubrir.

Xoves 5 de febreiro

18:30h. - Conferencia «**Fósiles de cetáceos modernos**»

Dende hai uns anos vimos comprobando a existencia de xacementos fósiles de cetáceos modernos nos fondos mariños da plataforma continental. Pescadores locais obteñen en redes de arrastre espécimes destes fósiles que datan do Mioceno e Plioceno, na súa maioría en excelente estado de conservación, de estratos fangosos, fosfatados e cunha escasa concentración de carbonato cálcico. Conferencia impartida por ***Ismael Mijan Vilasanchez Integrante da XDL da SGHN Ferrol.***

Venres 6 de Febreiro

18:30h. – Conferencia «**Anatomía e fisioloxía dos cetáceos**»

Os cetáceos, uns animais complexos adaptados a un medio tan alleo e hostil como é o mar, posúen uns mecanismos fisiolóxicos de adaptacións froito da evolución dende os primeiros antepasados, hai uns 50 millóns de anos, termorregulación, locomoción ou algo tan fundamental como o aleitado das crías baixo a auga. Conferencia impartida pola ***Doutora Nuria Alemañ do Departamento de Anatomía e Produción Animal da Facultade de Veterinaria de Lugo (USC)***

Venres 13 de febreiro

18:30h. – Conferencia «**Proxecto de recuperación da tartaruga de coiro en Costa Rica**»

As tartarugas mariñas teñen unha antigüidade de máis de 100 millóns de anos e ao longo da súa historia foron capaces de sobrevivir a cambios no medio, incluso a aqueles que orixinaron a desaparición dos dinosauros. Nembargante, poucas décadas de actividades humanas (saqueo de ovos, captura de exemplares adultos, pesca accidental, contaminación, destrución de hábitats,...) as puxeron en serio perigo de extinción. Conferencia impartida por ***Sonia Aguiar Berea integrante da XDL da SGHN Ferrol***

Mércores 25 de febreiro

18:30h. – Conferencia «**Unha ría a recuperar**»

Impartida polo Biólogo da Confraría de Barallobre e membro da SGHN Ferrol, Joan Ferriro Caramés.

Venres 27 de Febreiro

18:30h. – Conferencia «**Recuperación de lobos Mariños e tartarugas na UCI da SGHN Ferrol**»

As tarefas de asistencia á fauna mariña ameazada inclúense no marco dun convenio de colaboración da Coordinadora para o Estudio dos Mamíferos Mariños (CEMMA) coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. A Unidade de Coidados Intensivos (UCI) creouse para atender a focas e tartarugas en primeira fase de recuperación, na que polas súas doenzas precisan tratamento veterinario e coidados especiais, xa que polo xeral os animais chegan moi débiles e non saben ou non poden alimentarse por eles mesmos. ***Conferencia impartida por Juan Ignacio Díaz da Silva Coordinador de Mamíferos Mariños da SGHN.***

SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL
Méndez Núñez, 11 · 15401 FERROL
sghnferrol@teleline.es



ATENEO FERROLÁN

(FUNDADO EN 1879)

MEMORIA ACTIVIDADES ANO 2008

BIBLIOTECA – HEMEROTECA :
Atención ao público (5 días á semana) por unha profesional titulada
- FONDO LIBROS: 8.000
- REVISTAS: 350 CABECEIRAS
- PERIÓDICOS: 106 CABECEIRAS
- FILMOTECA: 400
- FONOTECA: 125

Subscrición diaria a: Diario de Ferrol, La Voz de Galicia, El País, Faro de Vigo, El Correo Gallego, Galicia Hoxe, A Nosa Terra, El Mundo, La Opinión, O Correo Galego, Público, Xornal de Galicia.
- CONVENIO UNIV. DA CORUÑA-CAMPUS FERROL:
PRÁCTICAS ALUMN@S ESCOLA BIBLIOTECONOMÍA
- Proxecto Recuperación, dixitalización e posta en valor da nosa Biblioteca–Hemeroteca pola Fundación Barrié de la Maza

EXPOSICIÓNS DE PINTURA:
- Gravados de Esperanza Campos
- Pinturas Colectiva
- Pinturas de Guillermo Baamonde
- Exposición Cooperación con Latinoamérica
- V EXPOSICIÓN ARTES PLÁSTICAS PEQUENO FORMATO PARA SOCIOS e SOCIAS
- 18º CERTAME FOTOGRÁFICO MEDIO AMBIENTE – EXPOSICIÓN FOTOGRAFÍAS SELECCIONADAS.
- Mostra Fotográfica «Camiñando Rebeldías» de Lorena Garel de Pallas@s en Rebeldía.
- Pinturas de Tonia Vázquez
- Pinturas de Mº Julia López Ameijeiras
- Instalación de Gustavo Sequeiro Vilar
- Carteis «CHE É D@S REVOLUCIONARI@S»
- Pinturas de Laura Lago Bellas
- Oleos e Pinturas dixitais Alejandro Bica Lamas
- Acrílicos de Marco Cerrón Duque
- O EXILIO GALEGO EN VENEZUELA
- ROSA FERNÁNDEZ SALANOVA
- Homenaxe a MARIA MANUELA
- AS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DO ARCO ÁRTABRO ATA RIBADEO

EXPOSICIÓN PERMANENTE FONDOS PROPIOS VARIOS ARTISTAS
(A importancia da presenza dos artistas ferroláns no patrimonio do Ateneo Ferrolán)Segura Torrella, Carmen Chacón, Manuel Patiña, González Collado, Jorge Llorca, Garaizábal, Morquecho, Laxeiro, Correa Corredoira, Juan Galdo, Mª Manuela, Carlos Villaamil, Xan Xosé Braxe, José Leyra Domínguez, Tomás Barros, Juana Prieto, Ricardo Pena, Luis Jaime, Spela Trobec, Luis Rapela ... entre outros moitos.

CONFERENCIAS – MESAS DEBATE:
- «CICLO CONFERENCIAS: CULTURA E SOCIEDADE NUN MUNDO GLOBAL»
(Xaneiro – Marzo – Abril) Organiza: Asociación Luso-Galega de Antropoloxía Aplicada)
- XORNADAS SOBRE SIDA»
- Presentación Libro Fundación Federico Engels
- DÍA DAS LETRAS GALEGAS (17 maio)
- A MEMORIA HISTÓRICA DA GALIZA
- CHARLAS HOMENAXE A MARIA MANUELA

CONCURSOS – CERTAMES PROPIOS do ATENEO:
- CERTAME FOTOGRÁFICO «MEDIO AMBIENTE». – ANUAL (18 anos)
- CONSURSO DE GAITA GALEGA «CONSTANTINO BELLÓN» – ANUAL (18 anos).
- CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL «ATENEA» - ANUAL – (4 anos)
- XXI XORNADAS DA GAITA – Anual (20 anos)
- VIII XORNADAS DE CURTAMETRAXES (Anual 8 anos)

ASEMBLEAS – REUNIÓNS (OUTRAS ENTIDADES):
- A ESCOLA DA VACA.
- IU - EU
- FUCO BUXÁN
- CONSELLO SECTORIAL MULLER
- ADEGA.
- ACOF
- MERCADO DA MAGDALENA
- AA. VV.
- SINDICATO PERIODISTAS
- MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES
- SGHN
- AMICOR
- COMITÉ CIDADÁN DE EMERXENCIA RÍA DE FERROL
- UNIÓN LIBERTARIA
- ASOCIACIÓN BRIGA
- PSOE
- ASOCIACIÓN CULTURAL XUBILADOS DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
- PLATAFORMA ÁRTABRA 21
- AGACANT
- DEFENSA MONTES DE BRIÓN
- DEFENSA CARBALLEIRA DE MENÁNCARO
- XOANIÑA
- COLECTIVO OPAII
- FUNDACIÓN FEDERICO ENGELS
- FUNDAÇOM ARTABRIA
- ASOCIACIÓN GALEGA DA LÍNGUA
- COFRADÍA DE DOLORES
- CÍRCULO RACINGUISTA
- COLECTIVO GALENTENDO
- ASOCIACIÓN COMETA

CONCERTOS EN VIVO:
- SILVIA PENIDE
- NORGE BATISTA
- ROGER DE FLOR
- ANDRÉS SUAREZ
- IV SESIÓN VERMÚ (En colaboración con Radio Filispim)
- V SESIÓN VERMÚ (En colaboración con Radio Filispim)

ENCONTROS:
- CLUB DE LECTURA DIRIXIDO POR ANXELES SEOANE - MENSUAL. (Promovido polo Ateneo)
- CIRPÉN (CÍRCULO DE PENSAMENTO) – MENSUAL (Promovido polo Ateneo)
- GRUPO POETAS - SEMANAL
- COLECTIVO OPAII - SEMANAL
- MÉRCORES DE TERTULIAS – SEMANAL (Promovido polo Ateneo)
- AMICOR – MENSUAL
- COMITÉ CIDADÁN DE EMERXENCIA RÍA DE FERROL
- RECITAIS POÉTICOS

MÚSICA - LIBROS – CINE:
- MARTES DE CINE do ATENEO. ciclos trimestrais
- CINE COLECTIVO OPAII – RADIO FILISPIM
- PRESENTACIÓNS LIBROS
- PRESENTACIÓN DAS PEZAS GAÑADORAS DO CONCURSO DE COMPOSICIÓN «CONSTANTINO BELLÓN»

PUBLICACIÓNS
REPARTO GRATUITO: SOCIOS e SOCIAS, ENTIDADES CULTURAIS, BIBLIOTECAS
- REVISTA «ATENEA» – (4 Ó ANO) TRIMESTRAL

RELACIÓNS INTERNACIONAIS DE ATENEOS
- ATENEO FERROLAN:
* ASOCIADO E MEMBRO DA DIRECTIVA (VICEPRESIDENCIA) DE AIFA.
* MEMBRO DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE ATENEOS.
* Participación do ATENEO FERROLÁN (o Presidente) nos ENCONTROS ANUAIS, NACIONAIS e INTERNACIONAIS de ATENEOS.



Premiados en anteriores edicións.

Ano 2002.
* 3º "PAISAJE II" de Fernando Galindo Tormo – (Cieza-Murcia)
* 2º "NAMIBIA" de Alberto Porres Viñes- (Tarragona)
* 1º "MIÑO" de Rodrigo Rodríguez Ferrandiz – (Denia-Alicante)

Mencións Especiais do Xurado (Finalistas):
* "PLANETA" de Gabriel Tizón - (Ferrol)
* "NIEBLA" de Rodrigo Rodríguez Ferrandiz – (Denia-Alicante)

Ano 2003.
* 3º "EL ÁRBOL Y SU PESADILLA" de Stephane Lutier – (A Coruña)
* 2º "NIEBLA" de José Manuel Maiquez Mijares - (La línez de la Concepción - Cádiz)
* 1º "LOS MÁS MONOS" de Alberto Porres Viñes – (Tarragona)

Mencións Especiais do Xurado (Finalistas):
* "LA SOLEDAD DEL VOLUNTARIO" de Gabriel Tizón – (Ferrol)
* "INCA HUASI" de José Alberto Mateo Aznar - (Madrid)

Ano 2004.
* 3º "EL BOSQUE" de Jose M. Maiquez Mijares – (La Línea de la Concepción – Cádiz)
* 2º Descualificado incumprimento das bases - Deserto
* 1º "OTOÑAL"de Luis A. Gil Pellin de Valencia

Ano 2005.
* 3º "SOBRE LO IMPOSIBLE" de Antonio Jesús Pérez – (Sevilla)
* 2º "PARAÍSOS VÍRGENES" de José Francisco Nieto – (Narón)
* 1º "SEN TÍTULO II"de Oscar Carrasco Ragel – (Algeciras)

Ano 2006.
* 3º "CORES AGRESIVAS" de Kiko Arcas García (Vigo)
* 2º "NÉBOA CON FAROLA" de Asier Castro de la Fuente (Bilbao)
* 1º "ARDE GALICIA" de Gabriel Tizón (Ferrol)

Mencións Especiais do Xurado (Finalistas):
* "ISLA DEL RÍO" de Gabriel Tizón
* "NÉBOA PRIMAVERAL" de Asier Castro de la Fuente
* "PINOS AL ANOCHECER" de Victor Rivera Jove
* "COLOR DE OTOÑO" de Martín Debén Sánchez

Ano 2007.
* 3º "VERTEDEROS INCONTROLADOS" de Jorge Meis – (Ferrol)
* 2º "EN LAS MONTAÑAS DE YEMEN" de Alberto Porres Viñes – (Tarragona)
* 1º "ERIZO DE MAR" de Victor Rivera Jove – (Ferrol)

Ano 2008.
* 3º "ABATIDO AGONIZA" de Antonio J. Fernández Marín – (Valdoviño)
* 2º "CAMPIÑA INGLESA" de José F. Rodríguez Nieto – (Narón)
* 1º "EN LA INMENSIDAD" de Alberto Porres Viñez – (Tarragona)





O **ATENEO FERROLÁN**, con motivo da celebración do **DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE**, organiza un concurso fotográfico para afeccionados e profesionais, que se rexerá polas seguintes :

BASES

TEMA:
Estará relacionado coa Ecoloxía nos seus diferentes aspectos (fauna, flora, paisaxe, agresións...). Non se aceptarán a concurso fotografías de pitiños, niños, nin ningunha imaxe que poda implicar sufrimento ou dano dun ser vivo. No caso de imaxes en cativerio, será necesario mencionar dita circunstancia.

PARTICIPANTES:
Estará aberto a todas as persoas interesadas no tema, sexan afeccionadas ou profesionais da fotografía.

OBRAS:
Cada participante poderá enviar un máximo de TRES fotografías, en branco e negro ou cor, podendo acceder soamente a un dos premios.
Non se admitirán fotografías publicadas ou que fosen premiadas noutros concursos. Tampouco se aceptarán colaxes, montaxes, fotografías pintadas nin manipuladas dixitalmente que alteren as imaxes máis alá do que se pode chegar a modificar mediante os procesos de fotografía tradicional.
Os participantes responsabilizaranse así mesmo de que non existan dereitos sobre as imaxes de terceiras persoas, así como de calquera reclamación que poida xurdir sobre as mesmas no que se refire a dereitos de imaxe. Estes dereitos estenderanse a fotografías do autor que teñan unha grande similitude coas presentadas a concurso.

TAMAÑO:
Ningunha fotografía presentada, poderá exceder no seu lado maior de 40 cm., nin este poderá ser inferior a 24 cm. As fotografías deberán presentarse montadas sobre unha cartolina, que sobresaia, con dous únicos tamaños de 30 x 40 ou 40 x 50 cm.

PLICAS:
Os participantes indicarán o pseudónimo do autor e o título da fotografía no reverso da cartolina na que deberá montarse cada foto. No interior dun sobre pechado que leve o pseudónimo, figurarán os seus datos persoais: nome, apelidos, NIF, enderezo, teléfono, e-mail e pseudónimo utilizado.

ENVÍOS:
As fotografías enviaranse ao seguinte enderezo:
ATENEO FERROLÁN
Rúa Magdalena, 202-204, 1º
CP 15402, FERROL

A organización velará pola correcta conservación das obras presentadas. Aínda así, non se fai responsable de calquera desperfecto que de maneira involuntaria poidan padecer as fotografías.

PRAZO:
O prazo de admisión remata o 22 de maio de 2009.

XURADO:
O xurado estará formado por TRES persoas cualificadas no campo da fotografía. A secretaría recaerá nun representante do Ateneo. A decisión do xurado será inapelable e darase a coñecer o día 5 de xuño, no acto de inauguración da Exposición, coincidindo coa celebración do **DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE**.
Se seleccionarán un máximo de 40 fotografías para a exposición itinerante.
A organización terá o dereito de reprodución das fotografías premiadas, que poderán ser utilizadas libremente e sen compensación económica, con finalidades relacionadas co concurso de Fotografía de Natureza ou coas actividades do Ateneo Ferrolán que non conlevan ánimo de lucro. Para isto e para valorar a fidelidade das copias presentadas os gañadores deberán presentar os orixinais antes de percibir os respectivos premios. En caso de utilizar para a captación das fotografías medios dixitais remitirase o ficheiro e tamén o arquivo do que se obtivo a copia para realizar as comprobacións necesarias.

ENTREGA DE PREMIOS:
Farase o día 5 de xuño no acto de inauguración da Exposición.

PREMIOS:

1º)	900 €
2º)	300 €
3º)	150 €

Se as obras presentadas non alcanzasen a calidade necesaria, a criterio do xurado e por unanimidade, os premios poderán ser declarados desertos. Se con posterioridade á concesión dos premios se tivese coñecemento de anomalía ou incumprimento das Bases, procederase á revogación do mesmo, recorrendo a calquera forma adecuada dentro do ordenamento xurídico.

EXPOSICIÓNS:
Coas fotografías seleccionadas farase unha primeira Exposición no Ateneo Ferrolán, dende o día 5 ate o día 30 de xuño. A Organización, facendo uso dos seus dereitos, realizará unha itinerancia da Mostra durante o resto do ano 2009. Dentro da itinerancia contémplase a súa mostra no Outono Fotográfico de Ourense. As fotografías seleccionadas para esta Mostra quedarán a disposición do Ateneo Ferrolán ata o día 31 de decembro.

DEVOLUCIÓNS:
Devolveranse aquelas obras que veñan acompañadas dun sobre prefranqueado ou aquelas que sexan recollidas persoalmente no Ateneo Ferrolán, establecendo un prazo de 60 días a partir da clausura da Exposición. Transcorrido o mesmo entenderase que os autores renuncian a calquera dereito sobre as fotos presentadas.

OBSERVACIÓNS:
*A participación no Concurso implica a total aceptación destas bases.
*Os casos non contemplados nestas BASES serán resoltos polo xurado.

AGRADECEMENTOS:
Á Casa da Xuventude de Ourense, por incluír as fotos seleccionadas na súa Mostra, no conxunto de exposicións que compoñen tan prestixioso evento no mundo da imaxe.

PARABÉNS MERECIDOS A JULIA UCEDA

A CORPORACIÓN DE FERROL ACORDA NOMEAR A JULIA UCEDA VALIENTE, PREMIO NACIONAL DE POESÍA,

FILLA ADOPTIVA DE FERROL



ADHESIÓN DO ATENEO PARA A CONCESIÓN DO TÍTULO DE FILLA ADOPTIVA DE FERROL PARA JULIA UCEDA.

ELISEO ZAERA RÍOS, na súa condición de PRESIDENTE do ATENEO FERROLÁN, decatados da apertura dun expediente informativo para a concesión do título de Filla Adoptiva de Ferrol á poeta DONA JULIA UCEDA VALIENTE (Premio Nacional de Poesía 2003, Premio Luís de Góngora de las Letras Andaluzas 2006 e Premio Nacional da Crítica 2007), comparezo no mesmo e manifesto o ***apio e conformidade da Xunta Directiva*** *desta entidade ao outorgamento de tal distinción porque é un recoñecemento moi merecido á traxectoria literaria desta escritora, profesora e poeta andaluza, que leva moitos anos residindo entre nós no val de Serantes, e que está considerada como unha das mellores voces da nosa literatura.*

Todos os grupos decidiron, en Xunta de Voceiros o 12/12/20008 e por unanimidade, esta distinción, que deberá aprobarse en pleno. Nacida en Sevilla en 1925, a poetisa chegou á cidade naval en 1973, onde desenvolveu gran parte da súa fecunda obra.

A corporación de Ferrol acordou esta semana, por unanimidade e en Xunta de Voceiros, nomear á poetisa Julia Uceda Valiente como Filla Adoptiva da Cidade. Un recoñecemento que deberá agora aprobarse en pleno, na sesión ordinaria de fin de mes. A creadora andaluza Julia Uceda, Premio Nacional de Poesía, trasladouse a vivir a Ferrol en 1973, onde desenvolveu gran parte da súa fecunda obra poética. Co título de Filla Adoptiva, a cidadanía ferrolá lle trasladará o seu cariño a esta extraordinaria muller, a primeira que obtivo en 2003 o Premio Nacional de Poesía. Considerada tan ferrolá como andaluza, entre a súa obra cómpre destacar títulos como «Mariposa en cenizas», «Extraña Juventud» ou «Viejas voces secretas de la noche».

Nacida en Sevilla en 1925, Julia Uceda Valiente realizou na capital andaluza os seus estudos de Filosofía e Letras, doutorándose cunha tese sobre o poeta José Luis Hidalgo. Como profesora universitaria exerceu na Universidade de Cádiz. Pouco despois obtivo a cátedra de Literatura Española na Universidade de Sevilla. Xa en 1965 trasládase a Estados Unidos, onde impartiu clases de literatura na Michigan State University. Máis tarde, en 1973, fixou a súa residencia en Galicia, onde se sentiu sempre ben acollida. Tamén chegou a pasar dous anos da súa vida na cidade irlandesa de Ardee.

A poeta e profesora de literatura é tamén autora de ensaios e artigos de crítica literaria e dunha colección de contos. Así, a seu labor como crítica pódese atopar en revistas especializadas de España, Italia e Estados Unidos, e é membro da Real Academia Sevillana de Buenas Letras, ademais de codirixir a colección de poesía «Esquío» e coordinar a revista crítica «La Barca de Loto».

Mais, pese a todo, Julia Uceda é sobre todo poeta, autora dunha obra rigorosa e intensa iniciada en 1959, que comprende un total de sete libros reunidos en 2002 baixo o título «En el viento, hacia el mar». Unha antoloxía que lle serviu para acadar o Premio Nacional de Poesía. Así mesmo, «Extraña Juventud» foi tamén distinguida cun accésit do Premio Adonais de poesía.

A súa obra poética, na que conflúen poesía e filosofía, responde a unha dobre tensión: preocupación ética, que impide ao poeta mirar cara a outro lado, deixar de ver a inxustiza e calar, como ela mesma di, e a preocupación estética, formal, a ambición lingüística.

Outros importantes libros da poeta ferrolá de adopción son, por citar só algúns, «Zona desconocida», «Del camino de humo», «En elogio de la locura», «Campanas en Sansueña» ou «Poemas de Cherry Lane». Por último, cómpre salientar que a súa obra foi traducida a varios idiomas, como o portugués, o inglés e mesmo o chinés e o hebreo.



O PASADO 11 DE OUTUBRO DE 2008

FALECEU O POETA GALEGO RAMIRO FONTE

ACTUAL DIRECTOR DO INSTITUTO CERVANTES DE LISBOA

A directora do Instituto Cervantes, Carmen Caffarel, asegurou, tras coñecer o falecemento de Ramiro Fonte, que a súa morte sumiu «na consternación e na tristeza» á institución, e recalcou que «máis que un compañeiro, era un amigo... O seu agudo sentido do humor, a súa tenrura no trato, e a súa bonhomía facíano querido por todos, ao igual que o amor polos versos de Pessoa e polas rúas de Lisboa». E supón tamén unha «gran perda para a literatura contemporánea en lingua galega... hoxe a poesía escríbese con dor» tras a desaparición deste poeta, narrador, crítico e ensaísta español nacido en Pontedeume (A Coruña) en 1957.



Licenciado en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela, Fonte deuse a coñecer como poeta no grupo Cravo Fondo a finais dos anos setenta, e en 1983 publicou o seu primeiro libro: *As cidades da nada*. Posteriormente lle seguiron outros títulos como *Pensar na tempestade* en 1986, *O cazador de libros* en 1997 ou *Capitán Inverno* en 1999.

Membro correspondente da Real Academia Galega, exercía como director do Instituto Cervantes de Lisboa desde 2005, e obtivera o Premio da Crítica Galicia e Premio Losada Diéguez en 1984, o Premio da Crítica Española en 1989, e o premio Esquío 1991 polo seu libro *Adeus Norte*.

Reproducimos de seguido, íntegro, o texto que Ramiro Fonte remitiu en 2003 para o apartado «Reflexión sobre a traxectoria propia» da *Antoloxía consultada da poesía galega* publicada pola Editorial TrisTram, unha declaración poética que, é tamén unha confesión de vida:

Na miña poesía hai unha etapa formativa, representada nos tres primeiros libros e, a partir de Pasa un segredo, *xulgo que vou atopando a miña voz persoal. Síntome satisfeito cun tipo de poema de dicción clara, de ritmo identificable, que poida transparentar, dun xeito sinxelo, os procedementos dunha composición complexa. Un poema que non renuncie nin á emoción nin ó pensamento, e que sexa susceptible de ser lido a alguén a media voz, sen énfase, cun pouso de sentimentalismo. Penso que os meus poemas máis afortunados camiñan nesta dirección. Entre moitos deles establécese unha liña meditativa e de reflexión moral. Interésanme moito os poemas que contan unha historia, que se aproveitan de claves narrativas pero que, ó mesmo tempo, abren zonas que poidamos considerar filosóficas. Un poema que chegue a encerrar en setenta versos iso que lle pedimos a unha boa novela ou a un bo libro de ensaio, sería para min un dos meus favoritos. Nos bos poemas en verso branco, case é obrigado o pensamento e un ton de cordial seriedade.*

Non creo na poesía que descoñece os seus antecedentes; tampouco na forma dun poema que nos vén dada antes de escribilo. Todo poema expresa unha dobre experiencia: de vida e de lecturas. É impensable un poeta sen cultura poética. Paréceme difícil que o poeta de hoxe poida restrinxir a súa tradición a unha única lingua. Para min teñen un mesmo rango, como referentes, Rosalía e Cernuda, Machado e Baudelaire, Pessoa e Neruda, Auden e Curros. Nun tempo interesoume moito a poesía dos grandes románticos europeos. Ultimamente relín ós galegos do XIX e moita poesía inglesa. Tamén, en traduccións, ós poetas rusos. A certa altura da creación poética é bo que un autor asuma novos riscos. Prefiro os poetas polifónicos ós monocordes. É por iso que abrín, na miña obra, o que denomino poemas complementarios. *Neles trato de establecer contrapuntos. Por unha banda, recuperar a rima, formas e estrofas, reabrindo un debate, como lector, sobre a poesía moderna; pola outra, asumir que a ironía e a parodia poden ser cousas de valor, tamén dentro dun poema. Impúxenme aquí a tarefa de non ser eu un dos responsables de que se perda, en galego, a música da poesía moderna, ausente case desde os tempos de Cabanillas.*

A partir de Capitán Inverno *comeza a interesarme un tipo de poemas que reescriben, en clave persoal, documentos da historia. Escribir ese poema que non escribiu ninguén pero que envexaría un auténtico poeta, sexa do pasado, do futuro, eis o meu obxectivo. Saber que isto pode levarnos doadamente ó fracaso, ser conscientes da humildade que implica o feito de considerarnos artesáns, que debemos saber cándo riman dúas palabras ou ónde poden ir os acentos dun endecasílabo, son razóns para seguir adiante.* [...]



SÉCHU SENDE

"EM DEFENSA PRÓPRIA"

(Na Galipedia, a wikipedia en galego)
Xosé Luís González Sende (Padrón, 1972), máis coñecido como **Séchu Sende**, escritor galego que se iniciou como poeta vinculado ao Colectivo Poético Serán Vencello, formando parte da xeración dos 90 e que máis tarde se revelou tamén como un dos narradores de principios do século XXI. Foi un dos fundadores do proxecto editorial Letras de Cal, no que publica o seu primeiro libro *Odiseas* en 1998. Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa, como sociolingüista foi co-fundador da Cooperativa Tagen Ata, Língua e Comunicación. En 2003 gaña o Premio Blanco Amor coa novela *Orixe*. O seu último libro é o conxunto de relatos curtos *Made in Galiza* (2007), que recibiu o Premio Anxel Casal ao Mellor Libro do Ano, concedido pola Asociación de Editores Galegos. Tamén é domador de pulgas no Circo de Pulgas Carruselo, máis coñecido como Galiza Pulgas Circus.

Em defensa própria

Porque tinha paxaros
na cabeça
e bolboretas no estómago,
e lobos na gorja
e cavalos nos braços
e formigas nos pés
e ras nas costelas
e vacas nas pernas
e grilos nos ombros
e corzos nos olhos
e umha troita no coraçom...
nom podia permitir que intalassem
umha canteira no seu peito
nem muínhos eólicos
nos seus pulmons.
Por isso incendiou,
em defensa própria,
a máquina escavadora
que se achegava
ao seu coraçom.

Peixes

Segundo o biólogo Radakov
nos cardumes os peixes,
que podem chegar aos 3 milhons
de indivíduos,
nadam girando e
cambiando de sentido case ao unísono.

Os sistemas de dominaçom
nom existem, nem liderados permanentes
e assi
quando o cardume gira á esquerda porque
[aparece umha quenlha]
ou á direita na procura de planctom,
os indivíduos que antes estavam
aos lados do cardume
ficam á cabeça.
E assi continuamente.

Todos os peixes vam construíndo o caminho
juntos,
ponhendo-se ou saíndo da cabeça do grupo
por azar.

Recordo umha pintada com spray
em Vigo:
Só os peixes mortos seguem a corrente.

Segundo Radakov,
quando os peixes se reunem em cardume
o grupo retém mais a calor,
aumenta a capacidade de alimentaçom,
protegem-se melhor dos depredadores
e facilita-se a reproduçom.
E si, está cientificamente comprobado
que os peixes tendem a nadar
contra a corrente.

Aínda que pareça mentira
sobre o comportamento sonoro das ras
tamém temos muito que aprender
para cambiar o mundo.




O CONCELLO DE FERROL NO REINADO DE ISABEL II

150 ANOS

Ao longo dos últimos meses estívose celebrando o aniversario da concesión do título de cidade á Vila de Ferrol. Diferentes actos conmemoraron este feito. Desde o Ateneo Ferrolán, unímonos a estes actos, ofrecendo a nosa contribución.

por Pilar Blanco Vidal



Nº 70. 777

GAZETA EXTRAORDINARIA

DEL DOMINGO 31 DE AGOSTO DE 1800.

Por extraordinarios que el Comandante general interino del departamento de marina de Ferrol D. Francisco Melgarejo despachó con fechas de 25, 26 y 27 del corriente, ha tenido el Rey las noticias siguientes sobre el desembarco hecho por los ingleses en la playa de Doniños situada en las inmediaciones de dicho departamento.

Por la mañana del dia 25 descubrió el vigía de Monteventoso á distancia de 4 á 5 leguas una esquadra y convoy que seguían por la costa como para montar cabo Prioyro. A poco rato de este primer reconocimiento pudo ya numerar hasta 87 buques, sin poderse asegurar con certeza de su porte y fuerza á causa de la calima y cerrazon del horizonte. La esquadra y convoy siguió para el S con viento floxo del N hasta la una de la tarde que hallándose al N O á distancia de 2 á 3 millas, se puso de la vuelta del E, y prolongó de N á S entre la playa de Doniños y la de los Rios, contándose entónces 10 navios, 4 de ellos de 3 puentes, 7 fragatas, 7 balandras, y los restantes buques mercantes de transporte, que por sus maniobras indicaban querer efectuar un desembarco de tropas en la expresada playa de Doniños.

Con efecto, á las 4 de la tarde de aquel dia dió fondo en dicha ensenada la esquadra y convoy enemigo, siendo su primera diligencia destacar 10 lanchas con gente de desembarco, que lográron sin oposicion protegidas de dos balandras y una fragata, que batio la bateria situada en aquel parage, sin quedar al corto

Fig. 1

O S. XIX é un século «difícil», convulso, cheo de vaivéns políticos e sociais, no caso ferrolán, ademais pouco estudado, en comparación con outros períodos. Analizalo resulta prolixo, por iso este artigo céntrase nun aspecto moi concreto, que é a función do Concello, como órgano de goberno, nos anos centrais do reinado de Isabel II e que coinciden coa súa visita á cidade, ofrecendo datos curiosos ou pouco coñecidos, dalgunha das súas atribucións.

Entramos no século XIX en guerra, neste caso contra os ingleses, que ten para a nosa historia local o punto culminante da batalla de Brión[1](fig. 1). Nese momento atópase ao fronte do Concello de Ferrol *Diego Martínez de Córdoba y Contador*, que terá que facer fronte a grandes dificultades, sobre todo económicas e de abastecemento da poboación.

E, evidentemente, a Guerra de Independencia contra os franceses[2] (fig. 2).

Ferrol –ao igual que toda España– verase sometida aos altibaixos políticos do reinado de Fernando VII. pasando, por exemplo, do absolutismo, ao trienio liberal. O século XIX déixanos un rosario de Constitucións, que inciden directamente na vida municipal; como sucede tralo pronunciamento de Riego en 1820 cando se volve a aplicar a Constitución de 1812 e A Graña forma, por primeira e única vez, concello propio.

Neste primeiro terzo de século, o que observamos no Concello é un relevo nas clases dirixentes. As antigas familias, apártanse do poder directo e acceden aos cargos de concelleiros unha nova burguesía, membros destacados do comercio e profesionais liberais.[3] (fig. 3)

O 10 de outubro de 1830 nace a princesa Isabel, que comezará o seu reinado en 1833[4] (fig. 4).

Analizando ao Ferrol do século XIX, vense certas diferenzas con outras cidades da época. Quizabes a consecuencia de ser un proxecto deseñado dun modo racional, que se observa no seu trazado urbano, a cidade se organiza dun modo diferente. A través da documentación vense os matices que presenta no seu esquema; así como outras cidades estrutúranse en parroquias, en Ferrol este elemento non aparece.

Divídese en 4 cuarteis, que non teñen un carácter militar, senón administrativo. Estes cuarteis agrupan os diferentes barrios: Ferrol Vello, a Magdalena, Esteiro e Canido, o resto é extramuros. Cada cuartel, está dividido en 8 barrios, e cada barrio agrupa a un número diferente de rúas[5] (figs. 5, 6 e 7).



Fig. 2




Fig. 3


Fig. 4

Con esta división conséguese, por parte do Concello un maior control sobre a poboación, pero tamén xérase máis burocracia, xa que, ao fronte de cada cuartel, hai un comisario de cuartel (de carácter civil). E en cada barrio, un alcalde de barrio. así que temos 4 comisarios de cuartel e 32 alcaldes de barrio.

Persoas que son requiridas polo Concello para desempeñar funcións de enlace entre a administración e os veciños. Centrándonos na figura do Alcalde, comprobamos que este cargo vai recibir distintas denominacións, que varían en función da política do momento. Nun principio as funcións da Alcaldía son asumidas por gobernadores político-militares, que exercen funcións civís; se dá este nome, especialmente no período absolutista e desaparece en 1834.

Neste cargo vai estar o coñecido caudillo carlista Tomás de Zumalacarregui, Alcalde de Ferrol en 1833[6] (fig. 8)

No primeiro terzo de século, hai ocasións nos que se lle denomina como Alcalde maior, até que en 1835 se instalan os xuíces de 1ª instancia e o Alcalde deixa de ter competencias xudiciais.

Durante a maior parte do período isabelino, a denominación que encontramos é a de Alcalde Constitucional, excepto no período 1848-1849 que pasa a chamarse Alcalde-Correxidor.

A Lei municipal de 8 de xaneiro de 1845 establece que debe haber: un alcalde, 3 tenentes de alcalde e 16 rexedores; que se van ocupar das diferentes competencias que ten o Concello.

As funcións do Concello veñen determinadas, en moitos casos polas diferentes Constitucións. O profesor Barreiro Fernández expón que a partir de 1833, aproveitando as vantaxes que ofrece o liberalismo, os Concellos convértense no eixo da vida das cidades.

En pleno século XIX unha das competencias do Concello será a hixiene pública. Nos anos 50 concorren unha serie de circunstancias, como a crise económica, que atrae á cidade á poboación do campo, pero ademais hai epidemia de cólera e tuberculose.

Amparándose na Lei de Sanidade de 1855 o Concello debe prestar asistencia médica aos pobres e para iso se crea o posto de médico titular da Vila con cargo aos presupostos municipais. Hai leis sobre beneficencia e o Concello asume a dirección do Hospital de Caridade, xurdindo outras institucións como o Hospicio. Pero tamén danse unha serie de instrucións á poboación sobre saúde, por exemplo, a obrigación de que os vendedores do mercado manteñan limpos os seus postos. Os veciños teñen que varrer o fronte das súas casas dúas veces por semana e á hora máis temperá posible, ademais o incumprimento tiña como consecuencia unha multa.

As normas máis curiosas estipuladas polo Concello, son as que fan referencia a orde pública[7] (fig. 9); a partir das 8 da noite non se pode andar pola rúa sen levar unha luz (aínda non hai alumeado público); a partir das 9 da noite sería detido todo grupo que pasase de cinco homes; ou a norma de multar aos donos das tabernas que pasada determinada hora a mantivesen aberta.

O Concello practicamente regula todos os aspectos da vida cotiá, a prohibición de tender roupa cara a rúa, que se


Fig. 5


Fig. 6


Fig. 7



Fig. 8

sacudan sabas e esteiras polos balcóns... Regúlanse as festas; por exemplo as de Carnaval eran moi celebradas, pero prohíbese arroxar augas sucias, laranxas ou ovos.

Outras festas de moita tradición eran as de San Pedro e San Xoán, permítese que se fagan fogueiras e música polas rúas, pero se prohiben os petardos e os fogos artificiais, sen previo permiso, multándose ao infractor que no caso de ser menor, sería pagada polos pais.

Un dos papeis fundamentais do Concello é a función económica. A situación da facenda municipal, é polo xeral desastrosa. O control da facenda, dos impostos é un dos pilares básicos da Coroa para obter recursos. Despois de varios intentos por racionalizar a recadación, será por fin en 1845, cando se produza unha importante reforma na Facenda para ser máis eficaz. Nese ano apróbase a Lei de Mon y Santillán[8] (figs. 10 e 11).

O sistema que se establece, é polo xeral, a través de encabezamentos. O Estado asigna á cidade un cantidade de imposto que debe recadar en función da súa poboación e o Concello o divide entre os veciños, en base á riqueza de cada un[9]. Do recadado unha parte é para o municipio e outra para o Tesouro. É o propio veciño o que presenta a declaración dos seus bens, xa sexan terras, negocio ou oficio.

As queixas e a ocultación, ou intentos de defraudar á facenda é algo habitual, pero non só a nivel particular, senón tamén por parte do Concello, que reiteradamente alega a miseria do comercio, a decadencia da armada, etc... Nunha destas ocasións a petición do Concello á raíña, foi atendida, ao redor de 1846 Ferrol consegue que a Facenda Real lle perdoe o pago dun millón de reais que se debían; isto foi grazas á intervención de D. Saturnino Calderón y Collantes, ministro de Isabel II en varias ocasións e queocupara a Alcaldía de Ferrol en 1844.

Se hoxe en día cremos ter un montón de impostos, o século XIX non se queda atrás.

Un dos máis importantes é o de Arbitrios posto que serve para atender as necesidades municipais. Hai que destacar que neste imposto se fan remates cun priego de condicións e fíxase unha cantidade que se poxa, quedándose coa administración do imposto o que máis ofrece. É moi variado nas materias que grava, por exemplo: sobre a sidra; o peso da Vila; degüello de reses; o de 4mrs.en azume de viño; o de 12cts.en @ de carbón[10]; o de carruaxes[11]; o de 8mrs.en cuartillo de augardente que se consuma[12]; destaca tamén o de carros, que paga en función da chanta, algo que poderíamos asimilar ao actual imposto de rodaxe.[13]



Fig. 10




Fig. 9

A contribución de consumos, será a máis odiada pola veciñanza. Vai gravar, por dicilo de forma simple, todo. Xera un imposto sobre todo aquilo que entra ou sae polas portas da cidade, nas que, tanto de mar como de terra, se establecen fielatos, onde se rexistra a todo o mundo e as mercadorías. Así sabemos con que se negocia e que se consume na cidade.

Resulta curioso ver os consumos de Ferrol a mediados do século XIX, como exemplo: 14.060@ de viño, tanto común, como xeneroso ou de Málaga; 4000@ de augardente; 50.000 libras de carnes variadas; 18.000 libras de touciño, chacina e manteiga; 34.000 libras de touciño salgado, chourizo, xamón; 34.000@ de cervexa.

Ademais destes impostos están, os máis tradicionais da contribución extraordinaria de guerra, contribución territorial e industrial.

Como últimas curiosidades comentar:

- Os conflitos xerados coa Armada que quere evitar a toda costa o pago de impostos, como reflicte unha exposición presentada á Raíña o 26-7-1860, para que a Armada pague os carbóns e as demais



Fig. 11



Fig. 12



Fig. 13

especies incluídas nas tarifas de consumos.

- E o chamativo imposto sobre cans, onde se paga segundo a función que teña, é dicir, se é de compañía, para caza... nel se recolle o nome do dono e a raza, nome e características do animal.

Para finalizar, dicir que en setembro de 1858, Isabel II e a súa familia chegan a Ferrol[14] (fig. 12). A raíz da devandita visita, solicítase para a cidade o título de cidade[15] (fig. 13); isto non quere dicir que Ferrol xorda neses momentos, xa que ten detrás séculos de historia, o título tan só, referenda unha situación e avala unha pretensión, fundamentalmente da Alcaldía e das clases dirixentes.

A petición foi atendida pola Raíña, que asina a concesión por R. D.de 3 de outubro de 1858[16] e comunicada á Alcaldía polo Ministro da Gobernación Posada Herrera[17] (fig. 14), o Alcalde Ramón de Ocampo o 19 de outubro, por medio de bando, comunica á cidadanía a concesión Real:

«..*Vengo en conceder a la villa de Ferrol el título de ciudad y el tratamiento de Señoría Ilustrísima a su Ayuntamiento.*

Dado en Palacio a 13 de octubre de 1858

Isabel II

...De orden de S.M. Se lo comunico a V.S.I. Para conocimiento de este Ilustre Ayuntamiento...»

NOTAS

1 Gaceta de Madrid.Gaceta extraordinaria do 31 de agosto de 1800 onde se conta os sucesos da batalla de Brión, segundo noticias remitidas á Corte polo Comandante xeneral interino do Departamento D.Francisco Melgarejo.
2 Reximento de infantería «Zamora»
3 AMF.Plano de Ferrol
4 Retrato ao óleo da Raíña Isabel II por F. Madrazo
5 Diversas imaxes de Ferrol publicadas en «Album pintoresco de Ferrol» de José Baamonde y Ortega, 1867
6 Retrato de Tomás de Zumalacarregui
7 Plano de Ferrol.Colección Martínez Barbeito
8 Retratos de Alejandro Mon e Ramón de Santillán,artífices da reforma da facenda de 1845
9 Hai que subliñar que as reformas liberais fan contribuíntes a todos os individuos.
10 Creado por R.O. De 22-12-1859
11 Págase en función do número de cabalerías
12 Creouse por R.O. De 27-3-1806.En 1838 o arrendatario é Joaquín Jofre, pola cantidade de 43.010 rs.
13 Por exemplo, un carreteiro debe pagar un real polo uso do seu carro se a chanta non chega ao ancho de dúas e media polgadas de pé de Rei, e 4 rs.se ademais ten cravos de resalto.
14 Plumilla representando á Raíña e familia
15 Fotografía da porta do parque do Arsenal, coa lápida onde se recolle a visita da Raíña
16 Hai que dicir que o devandito Real Decreto non se conserva ou foi imposible a súa localización nos arquivos; tan só hai constancia do bando de Alcaldía, feito que resulta sorprendente, tendo en conta que si se conservan documentos referidos a Ferrol do S.XI
17 Retrato do Ministro da Gobernación Posada

CICLO DE CONFERENCIAS

COORDINADOR: GUILLERMO LLORCA (historiador)
UBICACIÓN: FUNDACIÓN CAIXA GALICIA
HORA: 20.00h

- 28 de outubro
O TEMPO HISTÓRICO DO REINADO DE ISABEL II
Mª Carmen Fernández Casanova
Catedrática de Historia Contemporánea da Facultade de Humanidades de Ferrol

- 4 de novembro
FERROL: DE VILA A CIDADE
Pilar Blanco Vidal
Licenciada en Xeografía e Historia. Bibliotecaria do Ateneo Ferrolán

- 11 de novembro
DA CRISE Á RECUPERACIÓN: A SOCIEDADE FERROLÁ DO SÉCULO XIX
Alfredo Martín García
Doutor en Humanidades. Profesor de Historia Moderna da Universidade de León

- 18 de novembro
O AGROMAR DO MOVEMENTO OBREIRO
Eliseo Fernández Fernández
Licenciado en Documentación, especialista en Historia do Movemento Obreiro

- 25 de novembro
A VIDA COTIÁ
Guillermo Llorca Freire
Profesor numerario de instituto. Historiador

- 2 de decembro
O FRACASO INDUSTRIAL DOS ARSENAIS DO ESTADO NO ÚLTIMO TERCIO DO SÉCULO XIX
Alberto Louzano Courtier
Doutor en Ciencias Económicas. Profesor titular do Departamento de Historia e Institucións Económicas da USC

- 9 de decembro
FERROL NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XIX: CIDADE E ARQUITECTURA
Alfredo Vigo Trasancos
Catedrático de Historia da Arte da USC

- 16 de decembro
O COMEZO DA EMIGRACIÓN A AMÉRICA
Vicente Peña Saavedra
Doutor en Filosofía e Ciencias da Educación. Profesor titular do Departamento de Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagoxía Social da USC

- 17 de decembro
O FERROL DO FUTURO
Mesa Redonda



A MORTE DOCE DA LINGUA

por Carlos Callón
[08/12/2008]

Por que se fala de liberdade de escolla se non se pode escoller o galego?

O documentario *Historias de Galicia*, un dos espazos de maior calidade na Televisión Galega nos últimos anos, dedicou unha das súas emisións ao idioma do país, baixo o título «Lingua de reis e lingua do pobo». Igual que toda a serie, pódese ver na web da CRTVG.

Nese programa abordouse con amenidade a historia do noso idioma, inducindo á curiosidade sobre as súas orixes, as razóns do seu desprazamento e desfiguración, así como a loita pola súa recuperación. A bo seguro que este capítulo é utilizado nun bo número de centros de ensino.

No final do espazo, o condutor do documentario situouse na saída dun colexio, cos rapaces e as raparigas desfilando desordenados e felices coas súas mochilas, e realizou a seguinte conclusión falando á cámara:

«Neste capítulo, quixemos facer un percorrido pola historia da nosa lingua. Na Idade Media foi a lingua dos reis e dos nobres galegos.

Grazas ao pobo sobreviviu os Séculos Escuros e puido ser rescatada polos poetas e reivindicada como o principal sinal de identidade do noso paíte:s. Hoxe é a lingua oficial de Galicia e ninguén pode ser perseguido polo seu uso, aínda que non volveu a ser unha lingua normalizada xa que non a usa toda a sociedade para calquera ámbito.

Escóitase na televisión, no Parlamento, apréndese nas aulas... Pero cada vez escóitase menos nos patios dos colexios e nas rúas das cidades.

O futuro dos galegos non sabemos en qué lingua se vai escribir, pero é unha responsabilidade de todos non perder os sons das nosas voces.»

Cando termina, dáse a volta e dous dos rapaces que saían da escola pregúntanlle: «¿Qué estáis haciendo?» El respóndelle: «Gravando». E póñense os títulos de crédito.

Todo este final é fondamente desafortunado, porque o que fai é expresar e escenificar un prexuízo, bastante arraigado e mesmo promovido: que o galego está na actualidade en todos os ámbitos, que se pode usar sen problema, mais a xente escolle abandonalo a pesar de non ter condicionantes para facelo. O feito de que os nenos se dirixisen ao condutor do documentario en castelán, cando el previamente afirmara que o galego está nos lugares de prestixio e que ninguén pode ser discriminado polo seu uso, non fai máis que confirmalo. Dese xuízo de valor, nada baseado na realidade, bebe a idea de que o galego



é unha lingua «imposta», fronte ao «espontáneo» e á opción «libre», que sería o español.

Televisión, Parlamento e ensino

Mais até que punto está o galego presente na televisión, no Parlamento ou no sistema educativo, só por nomearmos os tres sectores referidos? Calquera pode coller agora un mando a distancia, prender o seu televisor e contar os canais que pode sintonizar en galego e cales en castelán. Só emiten regularmente en galego a TVG (aínda que moi minorizado na publicidade e nas actuacións musicais) e algunhas televisións locais. Se quixermos ser exhaustivos, poderemos acrecentar os 18 minutos que emite a TVE en desconexión nos días laborábeis, o cal constitúe a menor programación en galego desta televisión pública en toda a etapa democrática. Así, a dura realidade é que hoxe o galego ten unha presenza moito menor nos medios de comunicación que hai quince, dez ou mesmo cinco anos. Mentres os medios en español se multiplican até o incontábel e diversifican a súa oferta, non acontece o mesmo cos ofrecidos no idioma propio de Galiza, a pesar de que as emisións audiovisuais están reguladas polos gobernos, que poderían pular para a existencia de máis medios en galego e viabilizar a retransmisión no noso territorio das televisións portuguesas.

Cando se fala do uso do galego no Parlamento, esquécense dous factores importantísimos. Primeiro, que a pesar de que a cámara de Galiza utiliza formalmente esta lingua con normalidade, os seus debates e decisións son continuamente referidas pola maioría dos medios a través do castelán, co cal este «entorno normalizado» fica como unha especie de teatro de consumo interno que debe ser reinterpretado noutro idioma para o conxunto da poboación. En segundo lugar, aínda hoxe no Congreso e na maioría dos debates do Senado non se pode utilizar o galego, o cal mantén unha disimetría que se continúa a trasladar á sociedade sobre prestixio e utilidade.

A respecto do ensino, cómpre lembrarmos que todos os estudos realizados conclúen que na maioría dos centros educativos do país se está lonxe dun mínimo do 50% de docencia en galego. Mentres, nas universidades, onde se forma o profesorado de mañá, a situación é calafriante: 8,9% no idioma propio na Universidade da Coruña, 16% en Vigo e 20% en Santiago. É certo que o galego está presente nas aulas, mais como excepción que confirma a regra.

Naturalizar a discriminación

Pola súa forza histórica e a súa contundencia social, a exclusión do galego está naturalizada e a discriminación non pode nin sequera ser nomeada como tal. A consciencia lingüística é feble e a lealdade práctica co idioma tamén, malia existir un apego afectivo como vencello comunitario.

Aínda que é innegábel que nas últimas décadas se produciron adiantos cualitativos, tamén é evidente que en todos os ámbitos sociais o galego dista de manter nin tan sequera un 50% de presenza. A lexislación lingüística, xa de seu abondo cativa, incúmprese mesmo por parte da maioría das administracións. En ningún caso existe correspondencia entre a porcentaxe da poboación que utiliza o galego de forma espontánea e despois a visibilidade e audibilidade deste idioma no ensino, na administración, na xustiza, nas radios, na oferta editorial, nas forzas de seguridade, nas empresas, nas televisións, na banca, nos diarios e revistas, nos servizos públicos, no cinema e así cun longo etcétera que abranxe toda a vida social galega. En Galiza somos libres de escoller lingua... sempre e cando escollamos o castelán.

Antes falabamos do Parlamento de Galiza e de como formalmente utiliza o galego na tribuna e nos seus boletíns. Todo o mundo sabe, porén, que boa parte dos que seguen o guión de utilizar o galego nese contexto, desenvolven o resto da súa vida e, o que é máis importante, da súa actividade institucional en español. É o que se denomina o uso ritual.

Nunha entrevista que mantiven hai tres anos cun directivo dunha entidade financeira galega, este mostrábase sorprendidísimo tras manter unha reunión cunha conselleira do BNG. «¡La conselleira habla gallego siempre!», exclamaba mentres abría os ollos e estendía as mans para subliñar o seu abraio de que en todos os contextos esta gobernante fixese uso da lingua propia de Galiza. Non é o caso de todas as conselleiras nin de todos os conselleiros a día de hoxe, xa o sabemos. Mais é relevante que en determinadas elites causase sorpresa esta ruptura dos usos rituais, porque mostra até que punto se mantén a diglosia mesmo en espazos centrais do poder autonómico, que sería dos escasos ámbitos de poder, por limitado que fose, onde sería presumíbel un certo uso do idioma propio. Alí onde se toman decisións de verdade, onde se exerce verdadeiramente o poder, o galego fica ausente.

Aparece o conflito

Hai moitos poderes fácticos, que se proclaman bilingüistas, que quererían ver a morte doce do galego, entre efemérides alegres e homenaxes varias. A súa aspiración é manter desprotexido o dereito colectivo a poder vivir en galego na propia Galiza. Fomentan un declive paulatino. Sen contestacións. Harmónico. Cordial. Natural.

Na nosa man está escollermos os coidados paliativos, que significan apandar co que hai e non aspirar a transformar a situación, ou o tratamento de choque preciso para revitalizarmos a nosa lingua. Aí teremos o conflito de quen opta pola vida. ⌘



REFLEXIÓNS

por Eliseo Zaera Ríos

GLOBALIZACIÓN, termo e fenómeno dos últimos anos que cheguei a "defender", porque a entendía como algo bo e positivo para a humanidade contemplada no seu conxunto, camiño da auténtica irmandade e expresión máxima da solidariedade para superar as miserias dos máis desfavorecidos ... sempre a utopía.

A CRISE que estamos padecendo, tamén "globalizada" abriume os ollos e prodúceme un enorme asombro.

A resposta dos gobernos máis poderosos, que representan ao pobo –tamén aos pobres–, non se fixo esperar ... para socorrer ... aos RICOS, á banca e ao capital. Non nego que isto sexa necesario, pero ollo coas distorsións, os agravios comparativos, as hipocrisías e os silencios.

Realmente o que queda e dá sentido ao termo GLOBALIZACIÓN, é a ampliación do campo operativo das grandes Empresas e do gran Capital á totalidade do globo.

Sei que non só é iso e non estou tratando de negarlle nada ás grandes Empresas, pero nada pode xustificar os enormes abusos e esmagaduras de pobos e natureza por todos os confíns.

Albisco unha certa "vergoña" das clases dirixentes ante a situación creada e en certos medios lin e escoitei falar de cambio de ciclo, de novas formulacións de socialismo, liberalismo ou capitalismo ¿???. A ver en qué se concretan estas insinuacións...!

Pero que non se rompan a cabeza, o que non vai ser necesario reformular é a pobreza, a vida de subsistencia, a precariedade permanente e até a fame que padecen no mundo, persoas, familias, pobos e nacións enteiras. Se tivesen a valentía de dirixir aí os seus pensamentos e as súas novas formulacións para alcanzar a solución ou polo menos suavizar esas situacións creríamos que están no bo camiño e aceptariamos as súas decisións.

Non obstante, a humanidade, a ciencia, a investigación, abren cada día novos horizontes: no espazo, na microbioloxía, na xenética. Estaranse aplicando os controis necesarios e suficientes para evitar unha deriva irreparable e/ou catastrófica ....?



xustiza

paz

liberdade

igualdade

solidariedade

sementando
un futuro
sen
violencia
machista

FERROL

25 DE NOVEMBRO
DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
CONCENTRACIÓN: **NA PRAZA 8 MARZO 20.00H**



SEMENTANDO**UN**FUTURO **SEN**VIOLENCIA**MACHISTA**

Un ano máis saímos a rúa o 25 de Novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, para esixir o fin da violencia contra as mulleres e reclamar de toda a sociedade a súa implicación na construción dunha sociedade sen violencia.

E para construír esa sociedade sen violencia machista, aínda que é imprescindíbel, non abonda coa elaboración de leis, non chega coa atención ás vítimas; non é suficiente coa sensibilización das profesionais que atenden ás mulleres que sofren ou sufriron violencia. É un deber de toda a cidadanía rexeitar as bases que sustentan esa violencia, e estar alerta e pendentes das discriminacións que sufrimos só polo feito de sermos MULLERES.

A violencia de xénero é froito da desigualdade. Esa desigualdade, forma parte da estrutura da nosa sociedade, que asigna a homes e mulleres diferentes papeis e diferente poder segúndo o seu sexo.

Dende a nosa infancia, exclúesenos de ámbitos que supostamente non son propios das nenas, e edúcannos para asumir determinados roles sen atender a nosa individualidade. Nese mesmo intre, estamos xa a sufrir a desigualdade. Para rematar con isto, temos un papel moi importante como axentes socializadores das crianzas para educar na IGUALDADE, para esixir a COEDUCACIÓN dende os centros de ensino, para non agardar que por ser nenas sexamos pasivas, submisas e resignadas. Porque temos DEREITO a ser cómo queiramos ser, sen ter que adoptar os valores masculinos de: frialdade, agresividade, competitividade, etc.

Ademáis de nalgúns ámbitos familiares e relixiosos, transmítese a desigualdade a través dos medios de comunicación, dos anuncios publicitarios, das series de televisión, da industria da música, do cinema, etc. Facendo pasar por bos e naturais, uns valores, roles e modelos ficticios que non procuran o noso desenvolvemento como persoas únicas e irrepetíbeis; senón a estandarización de cánons occidentais para beneficio de intereses comerciais e capitalistas.

Perpetúase a desigualdade no mercado de traballo coa discriminación salarial, coa segregación e a minusvalorización do traballo das mulleres, coa precarización do emprego feminino. Se materialmente mulleres e homes non accedemos aos mesmos traballos, se ademáis non cobramos o mesmo por traballos de igual valor, estáse a perpetuar a nosa suposta inferioridade, contribuíndo así, á feminización da pobreza.

Perpetúase a desigualdade cando ás mulleres se lles responsabiliza do traballo de coidado, e se infravalora ese traballo cando a conciliación laboral e familiar se fai a costa de que as mulleres fagamos dobre xornada de traballo.

Hoxe, máis que nunca, faise imprescindíbel a articulación internacional do movemento feminista para transformar o mundo. Nun momento no que o capitalismo neoliberal está a colapsar e os poderes patriarcais pretenden a súa refundación, a Marcha Mundial das Mulleres, como movemento feminista e anticapitalista, non vai permitir a continuidade dun sistema que reproduce a desigualdade e a violencia de xénero. Do mesmo xeito que sairemos á rúa se as administracións, atendendo aos intereses do capital, recortan os servizos públicos ou as políticas de igualdade.

Igual que nunha horta, se queremos ter froitos temos que sementar antes, se queremos unha sociedade sen violencia teremos que sementar os tomates da autoestima, as acelgas do respecto, os pementos da diversidade, o millo da tolerancia, as patacas da corresponsabilidade, as cenouras da coeducación, as castañas da paridade, os allos dunha sexualidade sen tabúes, as landras da solidariedade, os repolos da xustiza, as ervillas da equidade... Pero sabemos, que non só é necesario sementar. Día a día, hai que ir sacando as malas herbas: o menosprecio, a prepotencia, a misoxinia, a intolerancia...

Temos que traballar conxuntamente, para sementar un futuro sen violencia machista. Conseguirémolo sementando os valores da paz, a xustiza, a igualdade, a solidariedade, o respecto e a liberdade. Conseguirémolo, cando toda a sociedade asuma a riqueza que supón a diversidade de razas, pobos, línguas, ideas, culturas, SEXOS... E cando eses mesmos valores inspiren ás relacións afectivas, sexuais e de convivencia. Conseguirémolo, cando vivamos en liberdade sen medo aos encasillamentos, ás opcións sexuais, ao corpo, ás opinións. Conseguirémolo, cando sintamos que todas as persoas temos os mesmos dereitos polo feito de selo. Conseguirémolo, cando a verdadeira xustiza goberne a vida das persoas, dos pobos, do mundo e do planeta.

SEMENTEMOS UN FUTURO SEN VIOLENCIA MACHISTA!

25 NOVEMBRO 2008

MANIFESTACIÓN **VIGO:** Saída da Rúa do Príncipe ás 20.00

CONCENTRACIÓNS **SANTIAGO:** 20.30 na Praza do Toural

PONTEVEDRA: 20.30 na Praza 8 Marzo **CORUÑA:** 20.30 no Obelisco

OURENSE: 12.00 na Praza Maior **FERROL:** 20.00 na Praza 8 Marzo





EL SILENCIO

Hay un vacío en el que no se oyen las zapatillas.
Y otro más profundo: el que disuelve nuestras manos.
Y nuestro cuerpo. Y sólo flotan unos ojos
que no lo parecen. Aunque daría lo mismo
porque ya no pensamos con palabras
que todo lo confunden.

Además,
¿para qué edificar un templo de un grito?
Un grito que no suena en la expansión de las constelaciones.
Un grito que no oye el pastor de planetas.
Un grito que se llena, como un cubo, de huecos.
Un templo que visitan arenas y huracanes.
La boca ha gritado,
¿de qué muerto ha venido? ¿En qué lejana flor
se hará otra vez silencio,
historia no aprendida
y vida sin pregunta?
¿En qué agua de otro tiempo
se pulió la mandíbula y su origen?
¿En qué apagado sol
se removió su cero antes del cero?
Gritar: tan sólo un accidente, una arruga en el aire.
Y un destrozo,
harapo de algo; un desgarrón superfluo
desde el violento, desde el distraído
que empuja, pisa y habla alto. No grita.
Alto, sólo, habla.
Se oye su voz pavorreal.
Y el grito se desenrosca desde su sima profunda:
un poquito de aire que, primero,
tropieza con la esquina del pulmón,
garganta arriba. Luego ulula, asalta
la pared que contiene su infinitud,
su triste desmesura,
arañando su cárcel, resulto en templo,
ecos en frío crisoespacio que se aleja,
en el tiempo, de la boca: su nido.
Y nada alrededor. La boca mueve
sus alas sin sonido, sin sentido,
entre el agua y el huerto,
entre hueso temprano y légamo futuro,
entre el cero y el cero.
Entre el cero y su carga.

Rostro negro de soledad,
en tu sudor toco la nieve que se abrió en el aire.
Regresan las agujas de hielo bajo el sol,
y me encuentro, al perderme, en el lino cuajado
o en el deshielo súbito
de otra mañana:
aquella en que el narciso despertaba
a su esplendor efímero.
Amado rostro negro de soledad, tocarte desearía;
recoger en mi uña el destello de ese sudor
como si recogiera, uno a uno, los días que te envolvieron
y hablaba corno tú.
Y, sobre todo, me rebelaba con esperanza.
Tu casa está sobre el jaspe y el zafiro,
sobre la calcedonia y la esmeralda,
y sobre las otras siete fundamentales
sin exceptuar la amatista.
Los vientos, por ti, se han detenido en
sus cuatro lugares.
De soledad
están pobladas tus calles. Y de lejanía
oculta tras doseles de arena.
En las noches de estruendo y orgía,
copas volcadas y cruces llameantes,
has ocultado tu corazón bajo una gardenia
y la armonía, desde tus manos,
—Si yo volviera, ¿adónde volvería?—
ha embriagado las sombras.
Si yo volviera,
dibujaría en la pared de mi prisión
nombres fugaces, las palabras
de una antigua canción, un teléfono viejo
con el cable cortado sobre el pecho
de una mañana, un libro sin abrir,
el blanco sobre el verde
y un ave del Camino de las Ocas.
También lo que traías, rostro negro de soledad.

De **Del camino de humo**

Julia Uceda Valiente



LIBRO DEDICADO PARA PATRIMONIO DA NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA ANO 1991

poema de “ADEUS NORTE”

Se os deuses permitisen
Furtar algún lugar entre os que dormen
A carón deses días que demos, impacientes,
Ós calendarios grises dos olvidos
Para sen nós vivir, en desamparo,
Da memoria e da vida,
Diría que alí foi, nese cativo patio
No que medran na noite as laranxeiras
E prende no aire inmenso
O arrecendo do azahar, onde quixera
Volver para sentirme
O máis feliz dos grandes viaxeiros.
Digo quizais porque este vento norte
Pon demasiada luz nesta cidade,
Neste mar bretemoso,
Nesta terra de nós que tanto doe
Coma os seus homes vellos.
Se os deuses permitisen
Soñar alá contigo, partiría.

e “Praza do Mundo” da antoloxía poética “ÁMBITO DOS PASOS”

Tantas veces cantei o teu profundo
Baleiro de teatro,
Que fai do home gárgola indefensa
Na turbia plenitude das auroras
Pero non dixen onde.
Fun encorado río e cheguei onda ti;
Fun feliz nas estacións da flor
E buscaba as túas noites.
Sabedor seime de certa propensión
Que teño ós ecos longos;
Xa calquera campá recorda a que media
Algunha berenguela que non fixo
O póstumo poema.
Agora que xa te-la lonxitude
Dun soño
E podemos, ás tentas, proseguir
Vellos andares que van morrer ó día,
¡Como evocarte vou por vez primeira!
Onde quixen encontros
Agárdame unha aperta nunca dada.

Ramiro Fonte

MORREU O POETA PALESTINO MAHMUD DARWIX:

TENEMOS EL VIENTO EN CONTRA
(1986)

Tenemos el viento en contra, el viento del sur se alía
con nuestros enemigos. Y el paso
se estrecha. Alzamos los estandartes de victoria
ante las tinieblas, ojalá las tinieblas alumbraran.
[Andamos de noche]
sobre el árbol de los sueños. ¡Oh tierra final, difícil sueño!
¿Aún existes?
Y escribimos por milésima vez sobre el último aire:
morimos, pero no pasarán.
Y seguimos nuestras voces para hallar una luna entre ellas,
y cantamos para asustar a las piedras.
Y marcamos nuestros cuerpos con el hierro... los marcamos
con hierro... y brota un río.
Tenemos el viento en contra, el viento del norte se alía
con el viento del sur y gritamos: ¿dónde nos quedamos?
Y pedimos a las hadas de los cuentos que alguien cuando
[muertos]
nos quiera. Y el águila se lanza en picado
sobre nosotros. Y seguimos a nuestros sueños para verlos,
y nos siguen de cerca para vernos aquí. Es inevitable.

Y nosotros perseveramos en lo que parece la muerte en
[vida.]
Y esto que parece la muerte es la victoria.

Mahmud Darwix

DIARIO FERROLANO

PERIÓDICO DE LA MAÑANA

SUPLEMENTO AL NÚMERO DE HOY

Año VII | PRECIOS DE SUSCRIPCIÓN — FERROL, un mes... 1 peseta. PROVINCIAS, trimestre... 4 íd. EXTRANJERO, íd... 9 íd. NÚMERO SUELTO 5 CÉNTIMOS | **FERROL.—Domingo 21 de Marzo de 1909** — Redacción y Administración, Real, número 92 — NO SE DEVUELVEN LOS ORIGINALES | TARIFA DE ANUNCIOS — El impuesto del Timbre á cargo del público | **Núm. 1.833**

El concurso de Escuadra

POR TELÉGRAFO

LA CASA VICKERS, ACEPTA

MADRID 20, 15'14.

Los accionistas de la Sociedad Española de Construcción Naval, aceptan las modificaciones introducidas por el Gobierno.

En cuanto Ferrándiz regrese de Cádiz, se hará la adjudicación definitiva á la casa Vickers.

MENCHETA.

LA BUENA NUEVA

Hoy es día de júbilo nacional.

Ha tenido fin la ansiedad angustiosa con que los españoles amantes de su país seguían el proceso de este asunto de la Construcción de Escuadra, que es un verdadero acontecimiento, una puerta que se abre á una nueva vida, en la historia de nuestra patria; la primera piedra colocada para la restauración de un antiguo poderío.

Asechanzas políticas, ambiciones de bandos opuestos, algo de enquistamiento en la idea de nuestra pequeñez, pudo hacer que el grandioso proyecto del gobierno de Maura tropezase hasta el último instante con dificultades, con obstáculos; pero sobre ese espíritu de oposición que más era aparente que fruto de un convencimiento, ha existido la voluntad poderosa de un hombre excepcional como el señor Maura, la pericia y la honradez de un marino ilustre como el señor Ferrándiz, el sano deseo de toda la nación consciente de sus propias necesidades.

Para el Ferrol, la fecha de hoy será una fecha bendita. Comienza

Mi satisfacción por este hecho es más que completa; es doble: por una parte la de ver que es un Gobierno conservador, mis amigos políticos y particulares, los que traen á Ferrol esta mejora; por otra el ver que los que directamente resultan beneficiados son los hijos del trabajo, mis hermanos, porque hijo del trabajo fuí yo siempre.

Tomo, pues, mi parte íntima en esta general alegría, que no es la del agiotista que acecha pingües negocios, más ó menos regulares, sino el contento de un pueblo honrado que desea y encuentra donde trabajar.

En nombre del partido conservador, cuyo Comité en esta localidad tengo el honor de presidir, hago público testimonio de gratitud al ilustre jefe del Gobierno D. Antonio Maura, y ministro de Marina señor Ferrándiz, é invito al pueblo á que, en unión nuestra, sepa ser agradecido, no solamente con momentáneo jubiloso clamoreo, sino con gratitud que dure para siempre.

FRAN.co BARCÓN.

Dos palabras

Ya que la vida internacional lo exige, ya que al poder de los guerreros armamentos se fía la grandeza y la dicha de los pueblos; holguémonos de ser

surco de espumantes ondas, habrá quien conserve de ellas muchos y muy dorados frutos.

Pero, ¿y el artista? el hombre que con el esfuerzo de su inteligencia y de su brazo trabajando diariamente ha dado forma práctica á lo que solo era teoría ¿habrá conseguido beneficios en relación con esa ardua y constante labor?

Confiemos en que quienes hace poco demostraron su interés por el obrero encanecido en las rudas faenas del trabajo y han resuelto ahora el magno problema de la reconstitución naval de nuestra Patria, no pueden olvidar á elemento tan necesario tan indispensable en la resolución de aquel problema: al personal obrero.

IGNACIO PALMERO.

Presidente del Centro de Maestranza.

envidia y la ignorancia interrumpían su camino, perseveren en la patriótica labor comenzada con la promulgación de esa Ley.

Y si es modesto el comenzar, ya que ni el medio ambiente ni las condiciones económicas del Estado permiten más amplitud, la perseverancia en la idea y la continuidad en la labor, traerán consigo como lógica y natural consecuencia el engrandecimiento de la Marina, que flameando á los vientos en el tope de sus naves la enseña gloriosa de la Patria, llenará los ámbitos del mundo con el nombre santo de España.

Por esto, si día de regocijo para Ferrol es el de hoy por las ventajas económicas que habrá de reportar con las obras adjudicadas, lo es mayor para toda España, ya que los buques que habrán de construirse en estos Arsenales, son la base de

nuestro querido pueblo; llegáis á mí, que en medio de ese laborar continuo, no puedo sustraerme á la idea de ver á Ferrol, sacudiendo el yugo de la miseria y de la inercia, entregarse á la vida del trabajo, alma de toda virtud y base de toda prosperidad; y no puedo negaros, nó; no quiero negaros, mi deseo de tomar parte en una obra que os enaltece, porque demuestra vuestro amor á Ferrol, y la parte activa que el DIARIO FERROLANO, toma en la preparación de ese porvenir que todos deseamos.

Y que el horizonte se despeja, y la esperanza renace en todos los corazones, lo prueba de un modo bien visible, el ansia que demuestran todos los que con alguna cordura piensan y ven como ahora y de un modo inmediato, dará lugar al desarrollo de ese trabajo, la nueva Ley de Escuadra, y más tarde pero de un modo que no deja ya lugar á dudas, los ferrocarriles que completarán las bondades de su puerto y llenarán una necesidad, ha largo tiempo sentida, por esta importante población, asegurando el auxilio á nuestra plaza fuerte en determinados momentos.

Animo, pues, generación que hoy te crías en medio de las escaceses de una vida asaz poco desahogada y prepárate para entrar

señores diputados que formaron parte de la Comisión encargada del estudio é informe del proyecto de Ley de reorganización de la Armada y armamentos marítimos.

Los diputados de la Comisión hicieron en el articulado una labor verdaderamente de cincel, brillante, consciente, sabia. Todos ellos, compenetrados del insuperable celo patriótico del Gobierno, lanzáronse á la empresa que se les confió con un ardor y un acierto dignos de toda loa, y desde luego del agradecimiento de todo el país.

Y cómo no se lo hemos de guardar nosotros, eterno y profundo, si en medio de ese beneficio general tenemos nosotros otro particularísimo y grande.

Muchas dificultades hubo, provocadas por las aspiraciones de algunos diputados por las provincias de Levante, que querían llevar las construcciones al Mediterráneo.

Entonces se habló de la constitución de un trust de banqueros é industriales, por si se conseguía alterar el primitivo sentido de la ley.

De estas gestiones hemos dado cuenta detallada y contra ella hallamos términos de protesta, porque la razón y la justicia estaban á nuestro lado.

Un diputado de la Comisión, el señor Mille, que lleva nuestra representación en el Parlamento de una manera fructífera y dignísima, fué el que se opuso con mayores energías á esas maquinaciones censurables, y gracias á sus esfuerzos, á sus trabajos é influencias, fracasaron los tales propósitos.

De ello dimos cuenta también en el momento oportuno. Acaso algunos no conozcan aun lo ocurrido; acaso otros lo hayan olvidado ya, que en este mar de pequeñas pasio-

Alfonso

ferrol

150 anos

de cidade

ATENEO ARTÍSTICO CIENTÍFICO LITERARIO DE FERROL

ATENEO FERROLÁN

www.ateneoferrolan.org